



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 04 DE MAIO DE 2015.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

Ausentes:

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

Secretario Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D^a. Eva García Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 11:00 horas do día 04 de maio de 2015 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario xeral , Silvia Alonso Fernández

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.

PARTE RESOLUTIVA:



1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

O sr. Alcalde toma a palabra: Bos días a todas e a todos, imos empezar entón este Pleno Ordinario co primeiro punto da orde do día, que é a aprobación da acta do 27/04/2015 que teñen todos copia, e entendo que si non hai nada que alegar, se aproba.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte punto:

“Aprobación da acta anterior 27/04/2015”

2.- SUPLEMENTO DE CREDITO 1/2015

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto 2 que é o Suplemento de crédito 1/2015 que para iso doulle a palabra á Interventora

A sra. Interventora toma a palabra: Bos días a todos, o remanente de tesourería do ano 2014 ascende á cantidade de 925.630,18 euros, tal e como dispoñen as disposicións legais vixentes é posible destinar este remanente de tesourería ó financiamento de inversións financeiramente sostibles. Está é a finalidade do suplemento de crédito 1/2015, establecer cal sería o destino deste remanente de tesourería, e concretamente sería o financiamento dos seguintes proxectos: mellora do firme na Avenida de Celanova en A Valenzá, execución de beirarrúas nas Escorregas- Os Rosais, ampliación da Ponte sobre o regato de Santa Olaia, muros en C/ Eloy Sabuz en Cimadevila, Pontón e Lamas, Pavimentación camiño en As Lamas e Rúa Tangaraño, actuacións en parques municipais, e bocas de rego, todos eles cumpren as esixencias que marca a Lei para as inversións financeiramente sostibles, polo que procedería o debate e a posterior aprobación inicial do suplemento de crédito 1/2015.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Bos días a todo o público, bos días aos Concelleiros e Concelleiras, e á prensa. O Bloque Nacionalista Galego ante esta modificación dos suplementos de crédito derivada a un excedente de tesourería, que nos presenta o Partido Popular, o grupo de goberno, decidiu presentar unha moción onde se recolle en que gastaría o Bloque Nacionalista Galego eses 925 mil euros, e que faría o BNG se tivese responsabilidades de goberno neste Concello, polo tanto nós nos vamos a reservar para a defensa da moción do BNG, para dar a alternativa do BNG e para manifestar publicamente o que temos que dicir sobre este remanente e sobre o que está pasando neste



Concello, co diñeiro co financiamento e coas obras que se propoñen.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, moitas grazas, ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.

O sr. Valcárcel toma a palabra (PSOE): Pois ben, nós seguimos a falar neste punto da orde do día, e despois tamén opinaremos na moción do Bloque Nacionalista Galego.

No Grupo Socialista consideramos que a presentación deste suplemento de crédito por importe de 900 mil euros a 20 días das eleccións é unha falla de respecto sobre todo á soberanía da veciñanza, á soberanía da veciñanza é unha falla de respecto, imos votar en contra por diversas razóns: primeiro estamos falando de 150 millóns das antigas pesetas, para gastar en diversas actuacións que deberían contar co consenso de todos os grupos dado o elevado importe do que estamos a falar. Estes investimentos, nun segundo aspecto, tampouco foron consensuados coa veciñanza, nin cos diversos colectivos sociais, ou coas asociacións de veciños. Para nós iso é un aspecto fundamental xa que hai que gobernar valorando as necesidades reais da cidadanía, o terceiro motivo polo que votaremos en contra é que non se contempla nin a máis mínima partida adicada a gasto social, semella que no Partido Popular non coñecen que hai veciños e veciñas afectadas pola crise económica, que teñen problemas a coto, para pagar as súas hipotecas, os seus alugueres, para pagar a luz, e incluso para manter ós seus fillos. Outra razón é a ausencia de transparencia e utilización partidista, dos fondos públicos e as probas me remito, todas as obras realizadas en parques e xardíns durante os últimos meses, foron adxudicados por medio de procedemento negociado sen publicidade, á empresas Estradas Galegas S.L., é dicir, foron asignadas a dedo, o importe non era ningunha minucia, ascende a 75.000 euros, para poñernos en situación recordar que os orzamentos do ano 2015, adícase a investimentos a contía aproximada de 175 mil euros, pois ben, 75.000 euros engadidos asígnanse a dedo, ¿e quen é a empresa Estradas Galegas? Pois unha empresa de Vilamarín, estritamente vencellada a ex cargos públicos do Partido Popular, pois ben, señores e señoras do Partido Popular, seguen sen comprender que a cidadanía a nosa veciñanza reclama transparencia na xestión de goberno, vostedes fan todo o contrario, ocultan información para favorecer ós seus amigos, tanto nas contratacións públicas como nas contratacións de persoal, moitos sospeitamos que as novas obras que se queren aprobar aquí neste suplemento de crédito, van a seguir o mesmo proceso de adxudicación é probablemente á mesma empresa, boa parte deles á mesma empresa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois en primeiro lugar dicir que si o BNG se reserva loxicamente está no seu dereito, despois daremos a debate na súa moción, e con relación ós argumentos que me expresa o Partido Socialista a verdade é que me parecen incongruentes totalmente,



en primeiro lugar, estas obras todas nas que se vai a investir o remanente de tesourería, parte de elas, ou case todas, xa vostedes en un momento ou en outro a solicitaron aquí neste Pleno do Concello de Barbadás, son obras necesarias todas elas, loxicamente, e como digo non só foron solo solicitadas por vostedes senón que son reiteradamente solicitadas por a maioría dos veciños, porque se trata maioritariamente de comunicar o núcleo fundamental, que neste caso que é A Valenzá ca cabeza do Concello que é Barbadás, que como todo o mundo sabe a zona das Escorregas é a única zona na que non se leva actuado durante todos estes anos, por motivos diferentes, e agora que temos oportunidade de facelo pois a decisión que se tomou foi esa, usando os criterios loxicamente de racionalidade, de lóxica, e a instancias de reiteradas veces, tanto dos partidos como dos veciños, entón desde ese punto de vista nada que dicir, en relación a inversión en parques e xardíns, vostedes estiveron reiteradamente solicitando que se modificara, que se investira en parques e xardíns porque hai moitos deles que evidentemente o necesitaban, e agora lle chegou o momento, é vámolos a facer así, entón non entendo, si entendo a crítica é libre e cada un a fai a súa maneira, o que si é certo é que as inversións son nese tipo de cousas porque son necesarias. En terceiro lugar, dicir que nós tamén houberamos invertido en temas sociais, sería a primeira inversión, pero a cuestión é que, e se non que informe a Interventora, só se pode investir segundo marca a lei en obras que sexan financeiramente sostibles, e marca tipicamente cales son as que se poden e nas que non se pode, e indubidablemente as obras de tipo social, por desgracia, pois non se pode, e doulle a palabra a señora Interventora para que lle explica o Pleno nas que se pode e nas que no se pode, ten a palabra a interventora. Non, non é que me interesa a min que o público o saiba, que informe a Interventora que é a que fiscaliza, loxicamente porque nós podemos querer facer moitas cousas, pero non podemos legalmente e non se poden facer, ten a palabra.

A sra. Interventora toma a palabra: A Lei orgánica 9/2013 de 20 de decembro, de control da débeda comercial do sector público modifica, entre outros o artigo 32 e a disposición adicional sexta da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no sentido de que se a corporación local cumpre co período medio de pago a provedores, que neste caso se cumpre, cumpre a estabilidade e regra de gasto, que tamén se cumpre de acordo co informe de liquidación do ano 2014. Os datos que se traen a este Pleno son de 925.630,18 euros en canto a remanente de tesourería é un superávit orzamentario de 779.424,54 euros, cumpridas estas condicións, estas inversións aparecen recollidas no Real Decreto-Lei 2/2015 do 21 de febreiro polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014, pola tormentas de vento e mar na



fachada atlántica e a costa cantábrica e nos seguintes termos, entón agora, estableceríanse unha serie de partidas nas que se poden investir este remanente de tesourería, e son saneamento, abastecemento e distribución de augas, recollida, eliminación e tratamento de residuos, alumeadado público, protección e mellora do medio ambiente, mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos, industria, enerxía, comercio, ordenación e promoción turística, promoción, mantemento, desenvolvemento do transporte, infraestruturas do transporte recursos hidráulicos, investigación científica, técnica e aplicada, sociedade da información, xestión do coñecemento, ordenación do tráfico e do estacionamento, vías públicas, parques e xardíns, protección do patrimonio histórico-artístico, estradas, camiños veciñais, e neste ano no 2015 engádesse a xestión do patrimonio, aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público. Hai que aclarar tamén que quedan excluídas tanto as inversións que teñan unha vida útil inferior a cinco anos, como as que se refiran á adquisición de mobiliario, aveños e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte. O gasto que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación Local. Isto quere dicir que só se poderá destinar a inversión, capítulo 6 o que vostedes están dicindo vostedes de investir en gasto social legalmente non é viable.

O sr. Valcárcel toma a palabra: O que nos acaba de explicar a señora Secretaria coñecémolo porque está reflectido aquí nun documento e ademais xa falei varias veces con ela e nós ademais temos esa información. A nós chámanos a atención dende logo, que vostedes fagan unha distribución deste gasto como a vostedes lle parece, porque por exemplo, quero lembrar e estou seguro que non me equivoco, que vostedes en reiteradas veces falou das Escorregas de que se ía a arranxar no seu momento cun financiamento da Xunta de Galicia, agora resulta que o financiamento da Xunta de Galicia desapareceu, non se conta con ela, e sen embargo témolo que gastar nun remanente de tesourería que probablemente fixera mais falta para outros mesteres, esa é a súa política, esa é a política da falacia, e do engano, por facer outro matiz, fala a señora Interventora de que este diñeiro se poden adicar as novas tecnoloxías, pois ben aquí non aparecen as novas tecnoloxías para este Concello por ningún sitio, vostedes seguen querendo delegar a Barbadás á cola das novas tecnoloxías nesta provincia, o Partido Socialista por exemplo, e podíase falar de máis casos, por exemplo falo de instaurar de implantar aulas de novas tecnoloxías no que é o rural do noso Concello, vostedes non contan con iso para nada, vostedes seguen investindo no mesmo tipo de gasto de sempre, no ladrillo e no asfalto, nin máis nin menos, e a posta deste grupo é outra completamente distinta, por iso imos a votar en contra.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, entón entendo que se acabou o debate, ¿ votos a favor do suplemento de crédito? ¿ votos en contra?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, e do BNG o seguinte acordo: “ **Aprobación do suplemento de crédito1/2015**”

3- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHAS PISCINAS PÚBLICAS EN BARBADÁS OU AMPLIACIÓN DAS MESMAS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto tres que é unha moción do Partido Socialista para a construción dunhas piscinas públicas en Barbadás ou ampliación das mesmas, ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Todo o mundo xa sabe que Barbadás é, polo seu número de veciños e veciñas, o cuarto concello da provincia e todo o mundo tamén sabe que tivemos unha gran explosión demográfica. E todo o mundo sabe tamén que a poboación xuvenil e infantil medrou de xeito moi importante nos últimos anos. Todo o mundo excepto o Partido Popular e o señor Alcalde. Resumindo, Barbadás nos últimos anos ten mudado moito, pero non só polo seu crecemento demográfico e polo dinamismo dos seus veciños e veciñas. Tamén mudou por mor dunha política baseada nun urbanismo desaforado e deshumanizado, que non pensou nunca nas necesidades fundamentais da veciñanza e que esqueceu sempre as dotacións básicas que afectan á educación, a sanidade, ó ocio e ó deporte. As probas están enriba da mesa, as probas están tamén na moción que presenta agora o Bloque Nacionalista Galego en relación a onde investir o remanente de tesourería, a proba está no polideportivo que se tardou quince anos en construír, a proba está na sanidade de que seguimos sen centro de saúde, a proba está na educación en que seguimos sen instituto, pois ben, a resultas de estas prácticas políticas o nome de Barbadás sae na prensa sistematicamente vencellado a supostas corrupcións e presuntos amaños. ¡Sempre vencellado o nome de Barbadás a denuncias xudiciais!, é unha mágoa, e os socialistas de Barbadás queremos facer do noso Concello un espazo inclusivo e cohesionado dando satisfacción ás carencias derivadas dunha xestión que só propiciou un crecemento desestruturado que permitiu o enriquecemento rápido duns poucos a costa da calidade de vida do conxunto da veciñanza. O Partido Popular de Barbadás nunca pensou en planificar as



dotacións dun xeito global e agora atopámonos nun Concello que non resiste comparativas con calquera outro concello das mesmas dimensións pero incluso con Concellos máis cativos, por exemplo podo falar dun centro de día en Vilardebós que custou un millón oitocentos mil euros que pagou a Xunta de Galicia, e que resulta que en Barbadás aínda non temos centro de día tendo unha poboación de mil oitocentos son veciños e veciñas que teñen máis de 65 anos cando a poboación global de Vilardebós ronda eses veciños, pois en Barbadás non o temos, esa é a forma de pensar do Partido Popular en relación ás infraestruturas das dotacións. Calquera concello semellante ó noso dispón de Instituto, de piscinas climatizadas, ten dun Centro de Saúde digno, un Centro de Día Público ou unha segunda Gardería. A ausencia destas dotacións son as que indican cal é a calidade da xestión realizada polos seus gobernantes. Tamén é certo que isto non nos sorprende cando supostamente se misturan as xestións dos intereses públicos cos intereses privados. De todos os servizos que anteriormente falei somos carentes, estamos carentes en Barbadás, e por non ter non temos tampouco unhas piscinas públicas acordes ás necesidades da cidadanía. As actuais piscinas teñen unhas dimensións cativas e que están actualmente situadas nunha zona densamente urbanizada. Estas dúas circunstancias impiden que desempeñen a función para a que teñen que ser concibidas, un espazo adicado ó ocio e ó deporte. Pero non só deben cumprir esas finalidades xa antes mencionadas se non que deberan ser un referente para a relación social, xa que son as únicas que hai en todo o concello. Fóra do que son o campo de fútbol e o Pavillón, é o único espazo deportivo importante en todo Barbadás. E os usuarios e usuarias destas instalacións deportivas son moitos, sendo os cativos e a xuventude os principais protagonistas, debendo ter en conta que o incremento da poboación do noso concello é importante, pero especialmente na franxa de idade máis nova, de xeito que a demanda potencial pouco a pouco vai ir aumentando, cada día haberá máis usuarios para esas piscinas e vostedes aínda non se deron conta diso. A cidadanía ademais, ademais disto é unha teima tanto o Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista, tódolos anos reclamamos que se adopten medidas de seguridade, cousa que non se fai, unhas medidas de seguridade dentro do recinto que sexan as apropiadas para unha instalación á que acoden moitos cativos. É imprescindible que se faga un mantemento axeitado e continuado dos vasos, e no entorno dos mesmos incluído o céspede. Con demasiada frecuencia tódolos anos ten habido contratemplos graves e podían ser aínda máis graves pero gracias á intervención dos pais e incluso de Protección Civil evitouse, pero o mantemento é absolutamente deficitario. Os usuarios e usuarias demandan ano tras ano esta intervención e a veciñanza tamén ten claro que é imprescindible que as dimensións das piscinas sexan acordes á realidade da poboación do noso Concello. E volvemos



a estar novamente na obriga de presentar unha moción sobre as piscinas públicas diante do incumprimento sistemático do Partido Popular das promesas feitas polo señor Alcalde, polo señor Freire e pola Xunta de Galicia. Cada verán que pasa resulta máis urxente solventar a situación desta dotación. Para vostedes señores e señoras Concelleiras do Partido Popular este asunto semella algo intrascendente algo sen relevancia. Vostedes venden fume e o responsable non é só o señor Freire, quérolles lembrar novamente que xa hai seis anos vostede figurou nunha bonita fotografía acompañado do señor Lete, acompañado do señor Baltar, do Baltar Pumar, na que se comprometían a elaborar un planeamento para incluír unhas piscinas, ou ampliar unhas piscinas sen definir nada, estamos a seis anos e aínda non sabemos nada. Vostedes fan anuncios baldíos, enganar á veciñanza e á opinión pública, falo de engano, porque cando fixeron este anuncio non había aínda compromiso firme da Secretaría xeral para o deporte, para a construción desta dotación, pero vostedes saíron na prensa anunciando a bombo e platillo, e falo de engano porque cando debatemos sobre o plan de urbanismo tampouco quedou claro como se ía solventar o problema desta dotación, deste servizo. Pero a responsabilidade non é só do señor Freire, senón que é tamén das sucesivas concelleiras de deportes do Partido Popular entre as cales está a señora Vispo, leva catro anos dirixindo esa Concellería e a día de hoxe nunca emitiu unha opinión sobre ese tema, eu nunca a escoitei falar sobre ese asunto, nunca, e queremos saber que xestións se fixeron pola súa parte para que a Xunta cumprira cas súas promesas, cas súas promesas feitas hai xa seis anos. Como sa dixeran antes todos sabemos que nos últimos anos a situación das piscinas no que atinxe ó seu mantemento é moi deficitario, lesións e alarma na cidadanía, iso é o que provoca a situación das piscinas. E agora volvemos a estar escasos dous meses de que as piscinas abran ó público e non queremos que esas situacións se repitan de novo e vostedes saben que todo iso é certo. No Partido Socialista estamos convencidos de que en toda Galicia non hai concello con características socio-demográficas semellantes ó noso que teñan unha dotación deportiva tan en precario coma as nosas piscinas queremos que en Barbadás sega tendo unha piscina pública, non queremos que en Barbadás sega tendo unha piscina pública que é propia dunha urbanización. Na provincia de Ourense atopámonos con moitos exemplos de Concellos máis cativos, que non só teñen unhas piscinas públicas, senón que ademais teñen piscina climatizada, aquí seguimos esperando por ela. Toda a problemática que ten o noso Concello en relación a dotacións e a infraestruturas e o resultado da nefasta xestión en relación ó urbanismo, porque a causa de todos estes males non é outra que o urbanismo e a especulación. Vostedes só pensaron nun rápido crecemento primando o ladrillo sobre as necesidades da veciñanza, incluso temos entendido que cando se construíron as torres



situadas no AR-1, estaba contemplada a construción dun novo vaso para unhas piscinas ó carón dos xa existentes, pero resulta que ó final volveron a primar os intereses dos especuladores sobre o interese xeral da veciñanza, polo tanto instamos á Xunta de Galicia a que dea cumprimento do compromiso feito público en xuño de 2009, hai seis anos para a construción dunhas piscinas públicas en Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Núñez toma a palabra: Ben, para o Grupo Municipal do BNG dicir que temos manifestado en numerosas ocasións que as instalacións das piscinas municipais do Concello son deficitarias e fórono sempre xa dende a súa construción xa non ven de agora. Temos denunciado que a súa situación, a situación das mesmas non é a acaída, que o céspede se deteriora xa a principios do verán pola súa falla de atención, que a limpeza e coidado dos vasos das piscinas deixa moito que desexar, así como todo o control do contorno do bar e do resto das instalacións, os accesos ás mesmas ficou claro que efectivamente unha ambulancia tería grandes dificultades para poder entrar, evidentemente non podería entrar, porque non hai paso para unha medida de urxencia, é dicir, habería que entrar por o paso onde están os chanzos da entrada, que tamén é demasiado todo precario. Vostede señor Freire ó longo de moitos anos levan xestionando o devir deste Concello e sempre actuaron ca mesma escaseza de miras, tanto na piscina como no resto, sempre fan todo tarde mal e arrastro, e cando concretan de ser o caso sempre é cativo e insuficiente, sempre. Se miramos un pouco para atrás e nos formulamos en cuestións educativas nas antigas normas subsidiarias que foron anteriores ó PXOM non se prevía un CEIP en ningures, é dicir, e despois o que se fixo foi construír o Filomena Dato pola presión veciñal e polo traballo político do Bloque. Lembran que chegou a ter case cincocentos rapaces cando a previsión era para douscentos cincuenta, ficou encaixado e sen posibilidade de medra ningunha, pero isto a vostedes non lle preocupa. A veciñanza si que conseguiu que co traballo das ANPA e do colectivo cidadán por centros públicos se construíra o CEIP O Ruxidoiro, ó que vostedes puxeron atrancos habidos e por haber. Si falamos do IES, ¿ulo?, é dicir, aquí só mentiras enriba da mesa do hoxe alcaldable popular na cidade de Ourense no seu día Conselleiro de educación que tivo a pouca vergoña de vir aquí a prometer que en 2010 se colocaba a primeira pedra e 2011 inicio de aulas no instituto, en que, en que aulas, nos toxos dos montes, todo mentira máis mentira iso é no que resume a súa xestión á fronte deste Concello. Na sanidade non vou a entrar porque haberá motivos, creo que o meu compañeiro, o voceiro nacionalista para falar no seu momento, pero das súas falsidades e dos dirixentes do sector, véxase Eloína Núñez seguen sendo vostedes especialistas. O BNG sempre dixo e non vou a entrar máis en ese tema que vostedes reservaron no PXOM as mellores terras para



edificaci3ns de baixo, oito alturas para os seus amigos construtores e reservaron os altos dos montes o alto dos outeiros para os centros p3blicos, 3 dicir, porque hai que ter contentos a quen hai que ter contentos, e a veciñanza pois que a leve o demo ¿non?. Se falamos de centro de d3a ¿ulo?, se falamos dunha garder3a municipal que de cobertura ¿onde est3?. Mire se3or Freire vostede vaise despois de moitos anos sentado nesa poltrona cos petos cheos, e con pisos e baixos aqu3 e acol3, conseguidos de aquela maneira que ter3 efectivamente clarexar diante da xustiza como os conseguiu, pero desde logo deixa un panorama efectivamente que vostede lapidou miles e miles de mill3ns das antigas pesetas, miles e miles de mill3ns de euros para ter absolutamente nada, para gastos de persoal. En relaci3n coa moci3n que nos ocupa dende o BNG efectivamente estamos de acordo co que se nos prop3n por parte do Partido Socialista, sempre defendimos que efectivamente se precisa unha ampliaci3n ou unha ampliaci3n reformando as existentes, ou unha nova construci3n dunha piscina climatizada que efectivamente pois dea lugar a que a veciñanza goce dunha instalaci3n de garant3as como 3 debido 3 longo de todo o ano e non pois efectivamente ter o que temos que realmente non 3 nada, 3 unha piscina que 3 cativa dende o seu nacemento nos anos 90. Onde se prevea no PXOM que efectivamente tampouco ten necesariamente por que ser en A Valenz3, que puidera ser en calquera outra parroquia do Concello sempre que houbera pois un transporte axeitado que permitira que a veciñanza pois puidera gozar desta instalaci3n de xeito debido, e votamos a favor da moci3n.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, sen entrar en debate de cualificativos que non veñen 3 caso, cada un ten o seu criterio evidentemente, n3s v3moslle a votar a favor da moci3n, pero a sabendas de que efectivamente antes de poder acometer esa obra hai que aprobar a modificaci3n do plan para poder situar a ampliaci3n desa piscina, porque a d3a de hoxe est3 xa redactado s3 hai que traelo a Pleno practicamente e aprobalo, ent3n xa queda reservado un terreo para a ampliaci3n na zona onde est3n as piscinas, e unha vez que se dispoña dese terreo se poder3 acometer, pero mentres tanto pois independentemente de que solicitemos 3 Xunta, e votemos a favor, que vamos votar a favor, hai que facer ese tr3mite previo, ent3n eu non te3o m3is que debater, sen entrar en pol3mica, e simplemente dicir vamos a votar a favor.

O sr. Valc3rcel toma a palabra: Eu quero que me aclaren por favor cal 3 a previsi3n no plan de urbanismo en relaci3n 3s piscinas, nova construci3n de piscinas, ampliaci3n das actuais, onde e cando, porque vostedes fixeron un anuncio, volvo a insistir moi bonito hai seis anos, agora vostedes e cando din que lle van a esixir 3 Xunta de Galicia o cumprimento deste compromiso. ¿En que se baseou no seu momento ese anuncio en prensa de que se 3an a ampliar ou construír unhas piscinas novas, porque



vostede falaría algo co señor Lete, e diríalle algo, gustaríanos saber, agora que se vai, que nos conte como chegaron á conclusión de que podían facer ou ampliar unhas piscinas en A Valenzá ou en Barbadás cando non tiñan terreos a disposición da Xunta de Galicia, en que se baseou ese argumento, esa afirmación. E tamén quero saber cales son os obxectivos de futuro en relación as piscinas por parte do goberno popular, ou por parte da señora Vispo, van a esixir, xa vexo que van a esixir o cumprimento deste compromiso, pero cal é a idea que ten porque nunca a escoitamos falar en relación a este tema, endexamais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Mire, aínda non hai moi pouco tempo precisamente estivo o Director xeral de deportes aquí, dareille a palabra á Concelleira, que será a próxima alcaldesa de Barbadás se a sorte e boa e os cidadáns a queren, que non hai moito tempo que estivo precisamente nas instalacións deportivas para ver cales eran as deficiencias para acometelas pois o máis brevemente posible, dicir cando, vólvolle a reiterar temos que aprobar o plan e dispoñer dos terreos, unha vez que os terreos estean dispoñibles, e se lle poñan á Xunta de Galicia á disposición que estou seguro que a actuación pois será practicamente inmediata, en todo caso, eu me gustaría que interviñese a Concelleira porque ela é consciente, acompañounos aí, estivo con eles tanto para ampliar temas deportivos nas canchas, como piscinas e todo o demais. Ten a palabra a Concelleira.

A sra. Vispo toma a palabra: Bos días a todos, efectivamente antes de Semana Santa o Director xeral de deportes, o señor Lete, estivo acompañándonos, ensinámoslle todas as instalacións que temos no Concello, el comprometeuse que en canto pois que a persoa que dirixa a Corporación sentarase despois das eleccións para ver as carencias que temos no Concello e facer, pois agora mesmo xa sabemos que nos facilitou cincuenta mil euros para poder acometer a ausencia que temos nas instalacións deportivas, en canto asinemos o convenio farase pois o primordial que teñamos que facer nese momento, loxicamente a piscina entra dentro destas prioridades que ten o Concello pero claro en canto estean a disposición os terreos.

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿Onde son os terreos?

A sra. Vispo toma a palabra: A continuación de onde está hoxe a piscina

O sr. Valcárcel toma a palabra: Polo tanto é unha ampliación, non son novas. Ben, ¿a que se compromete o Conselleiro?, ¿a un compromiso semellante ó de hai seis anos?, ¿a un incumprimento?, e ¿a que afectan todas esas obras das que o Concello de Barbadás resulta que é imprescindible que as teña, vostede está falando agora por non dicir nada, é dicir, di un compromiso para arranxar as deficiencias que temos en Barbadás a nivel deportivo, díganos cales son.



A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver, o compromiso que adquirimos é de ter unhas instalacións novas onde podamos pois ter máis escolas deportivas e adecuadas á cidadanía de Barbadás e á poboación, como vostede dixo a xuventude aquí, pois a poboación xuvenil é moita e temos que dar demanda a todas as actividades que hoxe temos pero en adecuadas instalacións, entón nós ensinámolle o campo de fútbol, temos un campo pequeno de fútbol 7 que queremos arranxar, e poñer herba artificial para que a escola onde está o campo grande podan estar adecuadas ás horas de xogo e todo iso. Despois, queremos facer pistas de padel, pistas de tenis, e queremos que as instalacións sexan adecuadas, e cando estea aprobado o plan, miraremos o terreo que poidamos axeitar para estas novas instalacións, e tamén como sabedes agora mesmo, pois o campo de Parada está para facilitar o terreo ó Concello e poder alí tamén facer instalacións deportivas adecuadas á cidadanía.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Instalacións axeitadas, falaremos de facer un novo polideportivo entón, digo eu porque instalacións axeitadas, temos un polideportivo recentemente estreado. Instalacións axeitadas, volvo dicir, un novo polideportivo, porque evidentemente as instalacións axeitadas para realizar actividades deportivas para todos os cativos e mozos deste Concello, acordes ás súas necesidades, é un polideportivo máis amplo, só basta con ir a ver o ximnasio, o axeitado que é, só basta con ir a ver o ximnasio, teremos un novo ximnasio, vostede acaba de dicir ademais cando teñamos o plan de urbanismo aprobado miraremos cal son os terreos, ¿e logo non será ó revés? digo eu, non será primeiro pensar que é o que queremos facer neste Concello a nivel deportivo e logo aprobar o plan de urbanismo, non. E que vostede acaba de dicir literalmente cando teñamos o plan de urbanismo aprobado veremos onde destinamos esta actividade, pois non, será ó revés, digo eu, pero volvo a insistir os compromisos debían ser por escrito, non unha nota de prensa, unha visita, aquí este señor, o señor Lete comprometeuse co señor Alcalde hai seis anos á ampliación ou modificación das piscinas, a día de hoxe seguimos esperando por elas, e esta é a primeira vez que a señora Concelleira de deportes, que leva catro anos sendo Concelleira de deportes se pronuncia sobre este asunto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois eu entendo que o debate sobre o tema está máis que dado.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero a min gustárame que respondera a todo iso.

O sr. Núñez toma a palabra: Ben, en todo caso dicir que efectivamente os Pleno deberan regularse de maneira de que non parecese isto unha tertulia de taberna, senón que un interveña, e cando teña dereito a resposta pois que lle responda o señor Freire ou a señora Vispo Seara, pero non, senón da lugar a que isto non ten demasiado sentido. A pregunta do BNG vai, a intervención do BNG vai neste sentido, esta ampliación que vai a ser, vai a ser que se constrúa un vaso máis e seguir en cativo todo,



ou se vai a conseguir facer unha piscina climatizada que efectivamente dea servizo durante todo o ano á cidadanía, aquí se nos fala, efectivamente hai que ter unha previsión de tempos, unha concreción, aquí non vale vir aquí e dicir que vamos facer dentro de canto, porque diso estamos fartos, xa o dixeran antes, e respecto a temas educativos e doutro tipo de temas, de que nunca se concreta nada, é dicir, falar pero nada, concreción cero. Que veña aquí o Director xeral de deportes é que me da igual, porque ó final iso concrétase en cero, entón eses terreos teñen que estar a disposición en breve, xa, marcar uns prazos e acometer esas obras en breve prazo, pero hai que marcalos, é dicir, falan de que van a arranxar o campo de fútbol 7, non vou entrar en este tipo de cuestións efectivamente, é dicir, é un campo de fútbol que está absolutamente sobre dimensionado a respecto dos rapaces que participan en el, e que a escola podía estruturarse a escola municipal de fútbol efectivamente doutra maneira, con outros campos que hai, se podía estruturar tamén doutro xeito, algo que fará o BNG se algún día ten responsabilidade de goberno, vostedes sigan así, que así lles vai, é dicir, que efectivamente pois hai un orzamento municipal para deportes de máis de cincocentos mil euros que non sabemos que efectivamente iso despois se concrete, que efectivamente haxa unhas melloras, nin instalacións, nin en nada, ¿de acordo?.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, para rematar dicirlle que o dos prazos obviamente en primeiro lugar neste momento comprometerse a prazos pois sería demagórico, porque estamos ó final da lexislatura de aquí a un mes vai haber unha nova corporación, e a nova corporación indubidablemente terá que ser a que retome o tema, indubidablemente os prazos o máis breve posible como é normal, sempre e cando, primeiro estoume referindo ó das piscinas que é do que estamos tratando unha vez que dispoñamos dos terreos, cando dispoñamos dos terreos é cando se nos pode esixir celeridade, mentres tanto o resto pois é todo demagogia, entón unha vez que se dispoña dos terreos, e iso será cando se aprrobe o plan loxicamente pois haberá que tratar de que se faga xa, unha vez postos a disposición os terreos.

Votos a favor da moción, vamos a votar a favor da moción como dixemos antes, pero quede claro con esas condicións, que nós non podemos neste momento acometer a obra sen ter os terreos, entón entendo que se aproba por unanimidade.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:
“Moción do PSdeG-PSOE para a construción dunhas piscinas públicas en Barbadás ou ampliación das mesmas: Instar á Xunta de Galicia a que dea cumprimento do compromiso feito público en xuño de 2009 para a construción dunhas piscinas públicas en Barbadás”



4- MOCIÓN DO BNG PARA A INVERSIÓN DO REMANENTE DE TESOURERÍA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto número catro que é unha moción do BNG para a inversión do remanente de tesourería, ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Barbadás tén moitas carencias en canto á prestación de servizos públicos esenciais. Á falta de infraestruturas básicas para unha cidadanía superior ás 10.000 persoas, xúntase a falta dos servizos sociais básicos.

No entanto, o concello ten remanente de tesourería, sen dúbida motivado por que o PP no goberno deixou de investir e de aplicar ás partidas orzamentadas as cantidades comprometidas, agardando ter agora un remanente de tesourería que lle permita a un mes das eleccións municipais facer as obras que lles permita un lavado de cara, de maneira electoralista, caciquil, inmoral e antidemocrática.

O PP ten previsto gastar este remanente de tesourería, superior a 920.000 € en adecentar parques, cando desde o BNG o levamos reclamando desde hai anos, parchearán rúas e botarán baños de alquitrán por todo o concello coa intención de facer ver que se fai algo e de seguir enganando á veciñanza.

Non hai nos propósitos do PP ningunha obra de interés para o concello, ningunha infraestrutura fundamental nin ningún servizo que sirva para axudar aos veciños do concello nas necesidades máis básicas.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción do seguinte

ACORDO

O BNG de Barbadás propón ao pleno do Concello que o remanente de tesourería superior aos 92.000 € sexa investido nas seguintes partidas:

- 1.- Fondo extraordinario para o fomento de emprego, creando un parque comercial no noso concello onde se poida facilitar o asentamento de empresas comerciais e de servizos.
- 2.- Rescate das concesións públicas en mans de empresas privadas, como o servizo de abastecemento e saneamento da auga, a recollida do lixo ou a xestión da cobranza dos impostos municipais, creando os servizos municipais precisos para tales fins.
- 3.- Manter o servizo de comedores escolares (garantir un servizo de comedor escolar a todos/as os/as nenos/as que o precisen cando menos unha comida ao día) durante os meses en que os colexios



públicos do concello estean pechados.

- 4.- Dotar un fondo extraordinario para medicamentos para as persoas sen recursos ou con rendas baixas e para os enfermos crónicos que reciben tratamento en centros hospitalarios.
- 5.- Creación dun fondo para a loita contra a violencia de xénero e igualdade.
- 6.- Crear un fondo para axudas sociais para atender casos de desafiuzamentos e de risco de exclusión social.
- 7.- Crear o servizo de lavandería e cátering a domicilio
- 8.- Elaborar proxecto para unha nova gardería pública e negociar co Estado e Xunta de Galiza a súa construción.
- 9.- Elaborar proxecto para un centro de día e negociar co Estado e Xunta a súa construción.
- 10.- Elaborar proxecto para urbanización da contorna do IES e negociar co Estado e Xunta a súa construción.
- 11.- Elaborar proxecto para unha piscina cuberta e negociar co Estado e Xunta a súa construción.
- 12.- Elaborar un plano de actuación en camiños do rural, priorizando necesidades e compromisos.
- 13.- Elaborar un plano de actuación sobre áreas degradadas, atendendo especialmente a zonas de lecer, deportivas, xardíns infantís e de uso da comunidade.
- 14.- Crear un fondo para loitar contra a pobreza enerxética en fogares con rendas mínimas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Ben, na introdución do Pleno viña un suplemento de crédito para adicar máis de novecentos vintecinco mil euros que hai de remanente de tesourería neste Concello para adicalo a obras, a chapapote e a facer ver que se fai algo cando falta un mes para as eleccións municipais, o que vostedes non quixeron facer nos últimos catro anos a pesar das continuas reclamacións do Bloque Nacionalista Galego e do PSOE, de melloras en estradas, de melloras en parques infantís, etc, etc, queren facelo agora cando falta un mes para acabar esta lexislatura. Pero en todo caso o que é realmente unha obscenidade neste Concello, é que o Concello teña remanente, nós non vimos aquí a falar de obras nin de chapapote, porque nos pasaríamos todo o día falando das obras que fan falta neste Concello, pero o que é unha vergoña señor Freire Couto, é que vostede Alcalde de Barbadás, se permite ter o luxo de ter un remanente de máis de novecentos mil euros cando ten toda a veciñanza sen servizos públicos, sen cemiterio público, sen instituto, sen piscinas, sen centro de día, sen centro de saúde, sen servizos para a xente que máis o precisa, sen servizos sociais e que agora veña a enmascarar a súa incompetencia detrás dun informe técnico elaborado por unha persoa do



Concello que eu non dubido para nada da súa capacitación técnica, porque as leis sabémolas ler todos, e detrás dun expediente de modificación de créditos vostedes adican un excedente de novecentos vintecinco mil euros porque non souberon en que gastar ese diñeiro durante catro anos, hai que ter vergoña para dicirlle á cidadanía deste Concello que vostedes non foron capaces de gastar novecentos vintecinco mil euros en servizos sociais para este Concello. Mire vostede o Bloque Nacionalista Galego ten presentado mocións para loitar contra a pobreza enerxética hai máis de oitenta e sete mil familias en Galiza que non teñen ningún tipo de ingreso, saia onte na prensa que a provincia de Ourense é de toda Galiza a que ten máis familias en risco de exclusión social, máis de vinte e tres mil familias por debaixo do albor da pobreza na nosa provincia, e nós lle pedimos que adicara orzamentos á loita contra a pobreza enerxética e vostede non quixo, pedímoslle que aplicara un fondo, unha dotación pública para pagar os medicamentos do pensionistas, e vostede non quixo, e hai pensionistas neste Concello, e en este País, en Galiza, que non se poden pagar os medicamentos e están deixando de recibir tratamentos, e vostede é médico e debería sabelo. O Bloque Nacionalista Galego presentou mocións en Pleno para axudar a pagar os medicamentos a persoas que reciben tratamentos oncolóxicos en centros intrahospitalarios, e vostede non quixo, e hai xente que está recibindo tratamentos oncolóxicos e de outro tipo, crónicos moi graves que non teñen ningún tipo de axuda neste Concello. O Bloque Nacionalista Galego presentou mocións para loitar contra os desafuzamentos en este Concello que son moitos por desgraza e vostede non quixo, e coma isto cincuenta mil medidas, medidas tamén por certo para obras, o Bloque Nacionalista Galego claro que presenta propostas de obras, aquí temos a Xarín que está farto de presentar, unha e outra vez en todos os Plenos solicitando que se faga un Plan plurianual coa colaboración da veciñanza de todas as parroquias, escoitando ós veciños priorizando obras, e actuando alá onde sexa máis necesario, non diante da casa do alcalde en cen metros de distancia onde hai uns camelios preciosos, non, iso non era o prioritario no noso Concello, o prioritario do Concello eran os camiños do rural como ten dito Xarín pero vostede non quixo, e agora nos ven con isto, e nos ven coa historia de que non se pode gastar en gastos sociais, é unha obscenidade señor Freire Couto que vostede non queira gastar o diñeiro deste Concello en axudar ás persoas, porque voulle dicir unha cousa, as obras están moi ben, os parques infantís están moi ben, foi o Bloque Nacionalista Galego a primeira formación política que trouxo a este Pleno a obriga europea de adaptar todos os parques infantís a unha normativa europea, que o dixo Ánxela en este Pleno, vostede non quixo adaptar á normativa europea e agora seica o vai facer a través dunha empresa non sei de quen. Mire as obras están moi ben, o cemento está moi ben, e o chapapote



está moi ben, pero máis importante que as obras é comer todos os días, e tomar medicamentos, iso é máis importante que as obras señor Freire Couto, non se escude detrás dun informe técnico, non se agoche detrás dos seus funcionarios para ocultar a súa incompetencia, non o faga, vostede non fixo uso destes novecentos vintecinco mil euros en materia social porque non lle apeteceu, porque non quixo, porque era tan fácil como coller os orzamentos que elabora o Partido Popular, non o BNG, nós votamos en contra dos seus orzamentos, e a coller partidas, a coller partidas para todos estes gastos que acabo de detallar, que por certo, recollemos na nosa moción que son:

- 1.- Fondo extraordinario para o fomento de emprego, ¿onde está un parque comercial?, ¿onde está o fomento do emprego?, ¿onde está a axuda á xente máis nova deste Concello?.
- 2.- Rescate das concesións públicas que o noso diñeiro nos está constando.
- 3.- Manter o servizo de comedores escolares, garantir no verán e nas vacacións que haxa dereito, que cando menos unha vez ó día todos os nenos e nenas deste Concello poidan comer nun comedor escolar, todos os días do ano, non só cando hai escola.
- 4.- Dotar un fondo extraordinario para medicamentos para a loita contra a violencia de xénero, para axudas sociais, para lavandería e catering a domicilio e elaborar proxecto, porque claro vostede nos presenta un proxecto por un valor non sei se son de oitenta mil euros, pero claro pero resulta que non hai proxecto para centro de día, para centro de saúde, para piscinas, para instituto, para cemiterio, non hai proxecto para nada, non sabemos, porque aínda non nos contou para que vai ser o proxecto este que vostedes adican aí unha cantidade mísera.
- 5.- Urbanización do contorno do IES para poder, falaba das piscinas agora de que están pensando modificar o plan xeral para buscar outro sitio para pór tal, mire, déixese de historias, urbanice con estes novecentos vintecinco mil euros que son para obras, urbanice o entorno do instituto e poña os terreos libres de cargas e gravames a cargo da Consellería de educación para que faga o instituto, era así de fácil, adicar este diñeiro para urbanizar ese contorno e darlle os terreos á Consellería de educación para a construción do instituto, pero iso non interesa, nin tampouco para o centro de saúde. Unha piscina cuberta, camiños no rural, priorizando necesidades e compromisos coa cidadanía, non onde a vostede lle interese, non, coa participación, democracia señor Freire Couto, coa participación da cidadanía, zonas de lecer, xardíns, parques infantís desde logo claro que si, claro nós isto o recollemos no punto trece da nosa moción, porque non punto dous recollemos os medicamentos para os xubilados, no punto tres recollemos medicamentos para enfermos con tratamentos intrahospitalarios, recollemos axudas para desafiuzamentos, e despois no punto trece recollemos as



obras, ¿entende?, esas son as prioridades do Bloque Nacionalista Galego, pensar primeiro nas persoas, nos servizos sociais e despois nas obras, home eu agradezo moito que por fin, esta debe ser a terceira vez en oito anos que escoitamos falar á señora candidata do Partido Popular, porque non a escoitamos falar nunca na vida en un Pleno, non, e aquí tamén hai graves responsabilidades de toda a Xunta de Goberno, porque resulta que aquí neste Concello hai Concelleiras con responsabilidade de goberno que teñen adicacións parciais que cobran mil douscentos euros cada mes por catro horas de traballo diario e que aínda non coñecemos o son da súa voz nun Pleno, porque non foron capaces, por exemplo o señor Julio de defender nunca en catro anos nin unha soa iniciativa en materia social en este Pleno, ou non coñecemos nunca unha iniciativa en materia de xuventude ou de emprego da señora Elena, ou non coñecemos nunca en oito anos, perdón Nieves, ou non coñecemos nos últimos anos ningunha sola iniciativa de Consuelo Vispo para defender neste Pleno, e agora nos ven dicir que si, que están falando seica con alguén da Xunta para que nos van facer unhas piscinas. Ben, estas son as propostas do BNG, e é unha vergonza que haxa remanente neste Concello. Para ir rematando, hai de remanente novecentos vintecinco mil euros, que por certo a señora Interventora eu tamén, sen meterme en cuestións xurídicas pero máis que nada por citalo, o punto tres da Lei, da Disposición adicional sexta da Lei orgánica 9/13 de 20 de decembro da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria di: “excepcionalmente as Corporacións Locais no exercicio 2013 (claro isto despois prorrógase no tempo) que cumpran co previsto no apartado 1 con respecto á liquidación do presuposto do exercicio 2012, e cumpran co previsto no apartado para aplicar o superávit de contabilidade, ou se fora menor o remanente de tesourería para gastos xerais (que é o que nos ocupa) resultante da liquidación conforme ás regras contidas no apartado dous, poderá adicalo para gastos xerais resultantes da liquidación”, se vostedes cren que o Concello de Barbadás non se encontra nunha situación de excepcionalidade social, e cando vostedes adican este diñeiro para obras, e non para gastos de outras partidas, pero en todo caso, adican vostedes dos novecentos vintecinco mil euros, adican novecentos mil euros a obras, e que quedan vintecatros mil euros sen gastar, e que vostedes entre todos e todas non teñen nin sequera imaxinación suficiente para gastar vintecatros mil euros, non saben en que gastalos, ou sexa, só son capaces de gastar novecentos mil euros, os outros vintecatros mil que van facer con eles, por que quedan aí, a que se adican se son remanente de tesourería, non é unha obriga investir este diñeiro durante o ano. Non son vostedes capaces en que gastar vintecatros mil oitocentos setenta e un euros que queda de remanente sen aplicar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.



O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois ben, como di o compañeiro Fírvida é vergoñento totalmente a existencia deste remanente, é certo que hai aspectos da Lei que ó mellor poden ser interpretados e impedir determinado gasto, pero reiteradamente, e repito reiteradamente tanto o Bloque Nacionalista Galego coma o Partido Socialista presentamos diversas alegacións ós orzamentos deste Concello, diversas alegacións que eran con ánimo e son con ánimo de mellorar a situación dos nosos veciños e veciñas. Estas alegacións ían fundamentalmente centradas en tódolos casos en relación ó gasto social e vostede sistematicamente votaron en contra, perdón non votaron en contra, incluso nos impediron o debate desas alegacións nos orzamentos, argumentando que eran alegacións políticas, pois si, eran alegacións políticas, porque a política realmente está presente en tódolos aspectos da cotidianidade dos veciños e veciñas, en tódolos aspectos e vostedes nin aceptaron o debate desas alegacións, pero é que ademais ó longo de todos estes anos tanto o Bloque Nacionalista Galego coma o Partido Socialista presentamos iniciativas de todo tipo vencellada á crise económica e co obxectivo de mellorar a situación dos nosos conveciños e conveciñas. Por certo iniciativas que propuxo aquí o Partido Socialista como foi o catering, o servizo de comida a domicilio para as persoas que o necesitaran, vostedes implantárono, e implantárono ó seu xeito, ¿cantos usuarios ten ese servizo a domicilio nese Concello?, se hai poucos é precisamente porque os veciños que o utilizan saben que é un mal servizo, que se presta un servizo carente de todo sentido. Outras iniciativas sociais que foron aprobadas aquí, pois por pór un exemplo máis, as axudas que hai para os celíacos, foron traídas neste caso polo Partido Socialista, pero non quero facer mención diso quero recalcar que foi o Partido Socialista e no Bloque Nacionalista Galego os que presentamos mocións para mellorar a situación social dos nosos conveciños e conveciñas, vostedes nunca, nunca, aínda sería hoxe a primeira vez que apostan por traer a este Concello a este Pleno, unha iniciativa propia que fale de servizos sociais e que mellore a calidade de vida dos nosos veciños. Pois ben, a moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego para o Partido Socialista, contempla todas aquelas demandas que ó longo destes anos estaban no sentir da cidadanía, e que os dous grupos da oposición esiximos reiteradamente, incluso podemos falar de promesas que efectuou o Partido Popular de novo catro anos despois e que non se cumpriron. Evidentemente hai aspectos da proposta nacionalista que podemos aportar un matiz diferente pero queremos deixar claro que o diñeiro dos contribuíntes debe reverter en servizos e dotacións, e por suposto en atender ás necesidades básicas dos veciños e veciñas que sofren a crise e os recortes con intensidade, e agora estamos a poucos días de celebrar unhas novas eleccións electorais municipais, e o Grupo Socialista considera que o destino deste remanente debería haber sido consensuado, e a



iniciativa presentada polo Bloque é un bo punto de partida para este consenso, vostedes gastan novecentos mil euros como dixen antes, sen falar con ninguén, sen falar coa oposición, ademais a vinte días dunhas eleccións que pode supor un cambio de goberno, ou non, iso está na vontade dos veciños, pero debían falar coa oposición, porque tamén nós representamos ós veciños. En outras ocasións xa houbo remanente de tesourería importantes, e a actuación do goberno do PP sempre foi a mesma, esquecerse das dotacións e dos servizos públicos. As carencias son moitas debido precisamente á desidia e ó abandono de moitos anos, e é o momento de poñer en marcha outras políticas, que tendo en conta a participación da cidadanía, facendo propostas, sendo escoitados, e así poder establecer prioridades mediante unha planificación plurianual. Hai que mellorar a situación dos servizos fundamentais como son os de recollida de lixo, o de abastecemento de auga, e que supoñen un importantísimo custo para as arcas municipais e que presentan unhas importantes deficiencias, quero lembrar que no atinxe ó servizo de recollida do lixo gastamos preto de seiscentos mil euros, incluído Sogama, dos petos dos veciños, seiscentos mil euros, e o servizo de recollida de lixo é absolutamente deficitario neste Concello, e por certo dito isto, sempre hai amigos e familiares dalgún concelleiro do Partido Popular implicado en algún servizo externalizado, e todos sabemos de quen falamos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, eu despois do informe que fixo antes a Interventora, volver reincidir sobre o mesmo é perder o tempo, que lle quede claro que se eu puidera, ou se nós o equipo de goberno puidera adicar estes recursos a servizos sociais sería o primeiro obxectivo que faríamos, pero coma non é o caso. Entón reiterando o tema, se se puidera adicar a iso, sería prioridade para este equipo de goberno, pero como non se pode nós o que non podemos facer é cometer, prometer algo que non podemos cumprir, nós temos que adaptarnos, nós e todos, adaptarnos á normativa vixente, a normativa vixente marca o que explicou antes a Interventora, entón, e é máis, quixera ver eu onde gobernan os seus equipos de goberno, tanto o Bloque coma o do Partido Socialista se estes recursos os adican a cousas diferentes ó que marca a Lei, ningún que eu saiba dos Concellos onde gobernan os seus partidos adican iso a uns fins diferentes ó que marca a normativa, porque non se pode, simple e llanamente porque non se pode, que máis quixéramos nós que poder adicalos a iso, somos conscientes que sería onde mellor investidos estarían, eu prefería adicallle o diñeiro a axudar ós veciños, que a facer unha estrada ou un parque, ou outra cousa polo estilo, se non se pode neste caso concreto, non se pode. Entón pois mire o intentar prometer o que non se pode cumprir pois sabe que palabra se usa para iso habitualmente, demagogia. Entón nós temos que votar en contra, simple e llanamente porque non é



viabile as propostas que vostede fai, se fosen viables quédelle claro que as houbéramos asumido, porque para nós coma para todo o mundo o tema social é prioritario.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non hai peor cego que o que non quere ver, é así, vostede di que non se pode gastar en materia social e foi Alcalde durante vinteoito anos e a pesar de ser quen dirixe os orzamentos deste Concello todos os anos non quere nunca adicar partidas para gastos sociais, para axudar ás persoas, para o fomento do emprego e así ten agora remanente de tesourería para gastar en chapuzas e en obras, e agora nos ven a dicir que non se pode gastar en servizos sociais. Mire señor Freire, na Deputación Provincial de Ourense gastaban máis de nove millóns de euros en gastos de persoal, orzamentado a inicio de ano, pero despois resulta que na execución do gasto ían cinco millóns máis, gastábanse ó final catorce, é dicir, os concellos, as deputacións, e non pasaba nada, nunca foi ó cárcere por facer iso, é dicir, os concellos poden gastar en calquera partida orzamentada máis do inicialmente presupostado, por iso ás veces tamén hai modificacións onde se lle fai aplicacións de fondos a esas partidas que son insuficientes, porque pasa, pasa que ás veces se orzamenta unha cantidade para unha partida e despois resulta que non é suficiente, e hai que gastar máis diñeiro en esa partida, e se fóra para materia social, non creo que a ningún veciño de Barbadás lle parecese mal, nin sequera que vostedes se endebedasen, que pedise diñeiro prestado para pagar eses servizos sociais, pero é que é tan pouca vergonza que non é que non haxa que pedir diñeiro, é que hai remanente, hai diñeiro, por certo deixe vostede de mentir, pero non ó Bloque Nacionalista Galego, deixe vostede de mentirille ós cidadáns, deixe de ir polas parroquias dicíndolle á xente que non hai diñeiro para facer as obras que lles propoñen de mellora no rural porque seica non hai diñeiro, cando vostedes van a adicar agora novecentos mil euros en obras, onde polo visto si que lles interesa a vostedes, sen embargo andan dicindo por aí ós veciños que non teñen diñeiro para as obras nas súas parroquias, por exemplo para a auga de Loiro, que se podía facer unha acometida mellor, sanear as augas que están contaminadas, e que os veciños seguen consumindo auga contaminada e vostede o sabe e é a súa responsabilidade e non ten feito absolutamente nada, podería adicar unha partida de diñeiro para mellorar esa rede de abastecemento e solucionar os problemas se existen no tanque ou no servizo, melloras en Bentraces que tamén llas teñen solicitado, melloras en Sobrado, melloras en Piñor, non, resulta que non hai nada, só hai para as escorregas, para os parques e xardíns e para un anaco da estrada que sobe para aquí para Barbadás, iso é o que hai, en iso van gastar novecentos mil euros, e vostedes din por aí que non teñen diñeiro, que non se pode gastar en servizos sociais, señor Freire e vostede capaz de repetir iso diante dunha familia que estea pasándoo realmente mal, que teña xente no



paro e que non poidan chegar a final de mes, ou non poidan pagar o recibo da luz, vostede é capaz de repetir iso diante dunha familia. En fin nós seguimos mantendo que o Bloque Nacionalista Galego adicaría o diñeiro a servizos sociais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, perfecto, ten a palabra o voceiro do PSOE.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vostede fala de demagogia, pois ben, demagogia é comprar un bus eléctrico que constou vinteseis mil euros, pasealo polas rúas de A Valenzá e despois vendelo por falta de uso por dezaseis mil euros, esa é demagogia. Demagogia é construír un centro aquí en Barbadás capital, que supostamente ía estar adicado ó Museo da música e que constou seiscentos mil euros dos fondos da Unión Europea, en vez de adicalo a outros mesteres. Demagogia é cederllo á Deputación Provincial de Ourense por uns dez anos, hai dous anos xa disto creo lembrar ou tres, e que aínda estea sen utilizar. Demagogia é señor Freire, demagogia é cando levamos uns orzamentos, presentan vostedes uns orzamentos nos que non se contempla o máis mínimo gasto social, cando teñen a posibilidade de contemplalo máis a sabiendas de que posiblemente houbera este remanente de tesourería, porque en novembro cando foron aprobados os orzamentos inicialmente e en decembro cando se aprobaron definitivamente, supoño que vostedes saberán o que ocorre no Concello, e polo tanto en decembro saber que ía haber un remanente de tesourería elevado, pois esa é a forma de traballar de vostedes. Demagogia volve ser anunciar na prensa que as piscinas se ían a construír ou modificar hai xa seis anos, iso todo é demagogia o que propón hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego non é demagogia, é interesarse polos veciños, facer un uso social dese diñeiro, iso é a diferenza entre vostedes e nós. Demagogia tamén é ir gastando os cartos dos petos dos veciños a dous meses vista das eleccións anunciando as marabillas de vivir en Barbadás, ocultando todas as súas carencias que por certo todo ese diñeiro en publicidade sae dos petos dos veciños, e dicir que en Barbadás se gastas aproximadamente en publicidade trinta mil euros dos petos dos veciños, e que en Barbadás se gastan en publicidade asociada a unha revista publicitaria anunciando marabillas do Concello e da xestión municipal, dez mil euros, que foi repartida entre as caixas de correos dos veciños e veciñas deste Concello, dez mil euros que podían haber sido adicados a fins sociais, non gastámoslos en publicidade, esa é a súa política, e esa é a súa demagogia.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non sei, pois se non quere tomar a palabra o BNG, sometemos a votación porque eu non lle vou discutir máis, porque a realidade é que non se pode facer polo que dixemos, os argumentos son puramente técnicos e entrar a discutir demagogia pois a min non me parece lóxico. Entón votos a favor da moción, votos en contra.



Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos en contra do PP e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Moción do BNG para a inversión do remanente de tesourería”**

5- MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR QUE NON PECHE O CENTRO DE SAÚDE DE BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos entón ó punto número 5 que é unha moción do BNG para solicitar que non peche o centro de saúde de Barbadás. Dikir que como hai unha tamén a continuación que é a do PSOE, que é a número 6, o punto número 6 podemos discutir e debater as dúas xuntas e incluso creo que votalas, porque é o mesmo, se lles parece ben a vostedes.

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu estou de acordo en debater conxuntamente as dúas mocións, a do Bloque Nacionalista Galego e a do PSOE, pero creo que se deben votar por separado, porque eu creo que os acordos que recolle o Bloque Nacionalista Galego son diferentes os acordos que se recollen na moción do Partido Socialista, aínda que adianto que lle imos votar a favor, eu pediría que se votasen por separado, porque son acordos diferentes.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non hai problema

O sr. Valcárcel toma a palabra: Nós aceptamos a votación por separado, pero realmente indicar que imos votar a favor, porque a finalidade é a mesma, son matices na exposición, pero sen problema ningún.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois entón iniciamos o debate, como é o BNG quen ten a primeira moción, entendo que é o BNG quen vai a expoñer.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Freire Couto, alcalde e médico con praza no Centro de Saúde de Barbadás pediu no recente concurso de traslados do SERGAS o seu traslado para o Centro de Saúde de San Cibrao. A súa praza está sendo cuberta, DE MANEIRA PROVISIONAL por unha médica a media xornada que comparte o centro de Barbadás co PAC de Maceda.

A praza vacante neste centro de saúde non foi ofertada no concurso de traslados nin foi cuberta nas resultas do concurso. Segundo o xefe de servizo do propio SERGAS esta praza seguirá sendo cuberta por un/unha contratado/a provisionalmente.

Todo isto lévanos a sospeitar que esta praza será amortizada nada máis pasar as eleccións municipais.



Se non fose así, non entendemos como non se ofertou no concurso de traslados a unha/un médica/o, máxime observando a situación da asistencia sanitaria no concello.

En Barbadás hai cinco médicas/os para atender a unha poboación superior ás 10.000 persoas, polo que a carga de cartillas que ten cada un é moi superior ao recomendado polos organismos nacionais e internacionais de asistencia sanitaria. Agora, co peche desta praza, e tendo en conta que no Centro de Saúde da Valenzá non se creou ningunha praza nova, os catro médicos que agora atenden na Valenzá terán que asumir as cartillas do médico de Barbadás, incrementando a súa carga de traballo, o que sen dúbida redundará nunha peor prestación da atención requirida.

Ademais, a poboación que atendía o Centro de Saúde de Barbadás verase obrigada a trasladarse á Valenzá para as consultas médicas. A mala xestión do transporte público por parte do concello fará que estas persoas teñan que coller taxis para poder ser atendidos na Valenzá.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- O Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza que non se peche o Centro de Saúde de Barbadás.
- 2.- O Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza que se cubra a praza de médica/o no Centro de Saúde de Barbadás de maneira DEFINITIVA.
- 3.- O Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza que se dote de todos os servizos necesarios para poder atender á poboación que teñen o seu médico de familia en Barbadás, como persoal de enfermería e administración.
- 4.- O Concello de Barbadás, ante a precaria situación da asistencia sanitaria en Barbadás, solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza a inmediata construción do novo centro de saúde da Valenzá.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois seguimos coma nas anteriores mocións. A situación sanitaria no Concello de Barbadás, pois a situación sanitaria que temos no noso Concello é realmente unha situación moi precaria. O Bloque Nacionalista Galego fixo un estudo comparativo da situación en Barbadás con outros concellos da provincia de Ourense de igual poboación, ou incluso de moita menos poboación, concellos que teñen a metade de poboación que ten Barbadás e o resultado do informe este que son datos que están publicados, que están na páxina web do Sergas é que en Barbadás temos máis de dez mil oitocentas persoas censadas máis de doce mil persoas realmente



vivindo neste Concello temos cinco médicos de medicina xeral, mentres en Xinzo de Limia que teñen menos poboación que en Barbadás teñen oito médicos, no Carballiño, ou en Celanova que teñen a metade de poboación que temos nós en Barbadás, teñen cinco médicos, en Barbadás temos un pediatra para mil setecentos sesenta e catro nenos e nenas menores de catorce anos, mentres que en Ribadavia que teñen a metade de poboación que no noso Concello teñen catro pediatras, en Celanova hai dous pediatras ou en Xinzo de Limia hai dous pediatras, en Barbadás hai cinco enfermeiros, enfermeiras, en Xinzo hai nove, no Carballiño dez, en Celanova cinco. En Barbadás hai tres administrativos mentres que no Carballiño hai seis, Xinzo catro, en Barbadás non temos auxiliar de enfermería, non temos servizo de odontoloxía, non temos farmacéutico, farmacéutica, non temos hixienista bucal, non temos fisioterapeuta, e non temos traballador ou traballadora social, servizos cos que contan concellos coa metade de poboación da que temos no noso Concello. Pois a todo iso temos que engadir agora que dos cinco médicos de medicina xeral que hai no Concello, vanse a quedar en catro, porque o señor Freire Couto Alcalde de Barbadás e médico de profesión que tiña unha praza comisión de servizos no Centro de saúde de Barbadás pediu recentemente no concurso de traslados, o seu traslado para San Cibrao das Viñas, e esa praza quedou sen cubrir nin no concurso de traslados, nin no concurso de resultas que se está levando a cabo neste período de tempo. Nós entendemos que este feito é o suficientemente grave para desconfiar de que se ten previsto por parte do Sergas o peche do Centro de saúde de Barbadás, tense previsto ese peche, o que significaría que todas esas cartillas que hoxe están sendo atendidas no Centro de saúde de Barbadás terían que ser repartidas entre os catros médicos que hai en A Valenzá, porque quero recordar que no concurso de traslados non se creou ningunha praza nova de médico en Barbadás, e a situación que hai en A Valenzá todos os que vivimos alí coñecémola, o Centro de saúde está no baixo dun edificio onde antes había un almacén de patacas, onde non hai dispensarios suficientes, onde enfermeiras e médicos teñen que compartir consultas, onde a sala de espera é absolutamente mínima, sen ventilación, a entrada é un corredor estreito, non hai servizos, non hai dotacións, está absolutamente pequeno sen ningún tipo de servizo. Ten habido casos de que unha persoa maior cae na rúa e ten que ser atendido con carácter de urxencia, e ten que saír un neno pequeno sen vestir, case espido para deixarlle a consulta para ser atendida esa persoa maior, é máis, son os propios médicos que atenden en ese Centro de saúde os que teñen manifestado a todos os seus pacientes reiteradamente a mala calidade na que poden traballar e na que prestan os seus servizos, o din eles mesmos que só teñen cinco minutos para atender á xente porque se atopan que en A Valenzá hai máis de oito mil cartillas para catro médicos, cada médico toca máis de dúas mil cartillas non hai



en toda Galiza nin un só médico que teñan máis cartillas que os que teñen en A Valenzá. A Organización Mundial da saúde recomenda que cada médico teña unha media de mil duascenas cartillas, ben, poderían ter mil catrocentas, mil cincocentas, pero é que en Barbadás van tocar a máis de dúas mil cartillas por médico, iso que é así porque ademais hai moita máis xente vivindo en A Valenzá que censados, e a xente que está vivindo en A Valenzá pode solicitar o seu médico en A Valenzá, polo tanto podería haber moitas máis, ese é o motivo polo que ás veces cando se solicita unha consulta médica danche vez o día seguinte, ou se tes mala sorte dentro de tres días, é dicir, solicítase unha consulta porque estas enfermo un xoves ou un venres e danche a vez para o luns ou o martes, e iso pasa no noso Concello, claro que de xoves ou venres a luns ou martes que a cousa non sexa grave, que senón ó mellor xa non fai falta nin ter a consulta. Pois ben, agora vostede señor Freire Couto exerce outra vez de escapista, é Alcalde de Barbadás pero fuxiu a vivir a Ourense, é médico de Barbadás pero fuxiu co seu traballo a outro Concello, é Alcalde de Barbadás pero agora foxe das súas obrigas, e nos deixa unha situación sanitaria que eu lle pregunto a vostede directamente sendo médico de profesión, que sente vostede cando deixa despois de vinteoito anos de goberno un Concello de máis de dez mil persoas esta situación sanitaria, eu de verdade fágolle esta pregunta persoalmente, que sente vostede coa situación que lle deixa ós seus veciños e veciñas de Barbadás, non de Ourense, ós que vivimos aquí, gustaríame sabelo. O novo Centro de saúde, mire vostedes teñen un problema, teñen un problema moi grave, e é o seguinte xa o dicía antes Xarín, vostedes xa sei o que me van dicir, porque saíron na prensa Eloína Núñez dicindo que o centro non se pecha, que esteamos todos tranquilos, que o Bloque Nacionalista Galego son moi malos, que queren facer electoralismo, e que o centro non se pecha, si porque non Bloque Nacionalista Galego temos unha manía somos moi raros e temos o costume de que cada vez que pasa algo importante no noso Concello facemos asembleas cos veciños, pero facermos as asembleas nas rúas, nas parroquias e falamos con eles cara a cara e nos sometemos ó seu ditado e iso é unha manía que temos os nacionalistas de Barbadás, non traballamos por detrás as agochadas mentíndolle á xente, nin usamos á administración pública nin á Xunta de Galicia, nin a Eloína Núñez para agochar as súas vergoñas. Entón eu quero recordar por exemplo, xoves tres de xuño do ano 2010, manifestación en A Valenzá para a solicitude dun novo Centro de saúde aos veciños e veciñas do Concello de Barbadás, as obras do novo Centro de saúde empezarán este ano, o Concello de Barbadás e a Deputación Provincial de Ourense e a Consellería de sanidade queren informar ós veciños e veciñas de Barbadás sobre a xestións realizadas para a construción dun Centro de saúde neste Municipio, a construción necesita un muro de construción, as institucións están



comprometidas. A Consellería de sanidade está comprometida a iniciar as obras do novo edificio antes de que remate o presente ano do 2010, ano 2010, estamos en maio de 2015, Consellería de sanidade. O seu problema señor Freire Couto é que vostede e o PP xa non son cribles, poden seguir mentindo, poden seguir enganando pero iso non lles da lexitimidade de goberno, só lles da votos, pero non a lexitimidade. Xoves 22 de outubro de 2009, el instituto de Barbadás (di periódico que escribe en español) “el instituto de Barbadás tendrá un presupuesto de 4,7 millones y estará finalizado en 2011”, creo que estamos no ano 2015, este é o seu problema señor Freire Couto. No ano 2008 o Bloque Nacionalista Galego seguindo esta manía de falar cos veciños convocou unha asemblea na Casa de cultura de Barbadás, en contra do PAC, do punto de atención continuada en A Valenzá, aquela asemblea que era convocada polo Bloque Nacionalista Galego veu o Alcalde de Barbadás que xa é ben curioso que un Alcalde vaia ás asembleas dos partidos da oposición, pero vostede foi, como é veciño deste Concello, e como nós acolleamos a todo o mundo nas nosas asembleas foi ben recibido, e durante aquela reunión vostede colleu o teléfono e por arte de maxia falou con Eloína Núñez en directo e dixo a todos os asistentes daquela asemblea: “é Eloína Núñez a que está falando por teléfono e me está dicindo que non se pecha o PAC de Barbadás”, ten razón o PAC non se pechou pero está na rúa Concejo, o de Barbadás si se pechou, iso é o que fan vostedes, mentir, enganar, estafar, son uns caloteiros, e creron que como estiveron enganando á cidadanía todos estes anos lle ía valer para toda a historia, pero eu xa lle digo que este choio se lles está acabando, e a situación é a que é, vostede pediu o traslado, e agora hai un acto aínda moito máis grave do que está pasando, que é que os veciños e veciñas que están pedindo o pase da súa cartilla do Centro de Barbadás para A Valenzá, estáselles permitindo, pero non o revés, os veciños e as veciñas que queren novas cartillas en Barbadás, ou que queren pasar o médico de A Valenzá para Barbadás, non se lles está permitindo, está é unha mala intención do Sergas para baleirar de cartillas ese médico e despois xustificar o seu peche, para dicir, mirade nos queriamos que o Centro de saúde funcionase, nós queriamos pero como só ten catrocentas cartillas, home por aquilo de, como lle chaman eles, da austeridade, vamos pechar. Mire o Bloque Nacionalista Galego nesta moción, por iso dicía que quería que se votase por separado, pedimos:

O Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza que non se peche o Centro de Saúde de Barbadás, pero pedimos máis cousas, pedimos, o Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza que se cubra a praza de médico no Centro de Saúde de Barbadás de maneira definitiva, porque cando preguntamos na xunta de persoal do Sergas que pasaba con esa praza, o primeiro día que se preguntou o Director xeral dixo que non sabía, que non



contestaba, que xa preguntaría, o segundo día xa foi informado e xa dixo non cúbrese, pero cando lle preguntaron como se cubriría dixo: “ah non, de maneira provisional”, vámola cubrir de maneira provisional cunha médica que traballe no PAC de Maceda vintecatro horas, corenta horas en Maceda todo o fin de semana, e que veña a Barbadás catro horas durante o día, durante a semana, a media xornada, iso é o que temos neste Concello. Compartindo enfermeira coa Valenzá que sobe hora e media cada día, que por certo, claro, loxicamente pode prestar atención ós veciños que o requiran, e despois tamén pedimos que o Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza que se dote de todos os servizos necesarios para poder atender á poboación que teñen o seu médico de familia en Barbadás, como persoal de enfermería e administración. Ese Centro de saúde visto que o novo Centro de saúde de A Valenzá tardará moito en construírse, ese Centro de saúde podería descargar de moita carga de traballo ós médicos de A Valenzá, podería haber dous médicos de cabeceira, podería haber unha enfermeira e un administrativo é ter arredor de dúas mil cincocentas cartillas, dúas mil cincocentas cartillas que atendesen a todas as parroquias desta zona de Barbadás, incluso de Parada, xente de A Valenzá que o solicitase e os catro médicos que hai en A Valenzá poderían estar máis descargados de carga de traballo e poder atender mellor ós seus pacientes, centro de saúde que nun Pleno celebrado este ano ante preguntas da oposición vostede señor Alcalde dixo, senón é así dígao agora, cando lle preguntamos se estaba licitado, dixo vostede que non estaba licitado, e cando lle preguntamos cando se licitaría dixo que non o sabía. Pois ben, o Centro de saúde de Barbadás, vaise construír con fondos europeos, coma outros dezaioito centros no noso País, pero resulta que moitos deses dezaioito centros xa están en construción, por exemplo o Centro de saúde do Couto, por que se está dotado con fondos europeos non se está construíndo o Centro de saúde de Barbadás, por que non está licitado, por que non se iniciaron as obras que tiñan que estar rematadas seica no ano 2010, por que señor Freire Couto. E o último punto do Bloque Nacionalista Galego é que o Concello de Barbadás, ante a precaria situación da asistencia sanitaria en Barbadás, solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza a inmediata construción do novo centro de saúde da Valenzá.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do Partida Socialista.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois ben, de todos é sabido que a sanidade pública en Barbadás leva moito tempo nunha situación absolutamente terceiro mundista da cal non hai máis que un responsable o señor Freire Couto. Esta situación deteriorase mes a mes debido ós continuos atrasos na construción do novo Centro de Saúde, repetidas veces prometido polo Partido Popular municipal e pola Xunta de



Feijóo. Tantas veces anunciado e outras tantas veces aprazado, dito isto todas as veces que se anunciou coincidindo con campañas electorais. Agora teñen vostedes a mala sorte de que estamos novamente nunha campaña electoral e que de novo se lle ven os feitos, non hai centro de saúde en Barbadás. Agora de novo medra a alerta entre a veciñanza das parroquias de Barbadás. Sobrado, Loiro e Bentraces, e medra a alerta precisamente pola ausencia de pronunciamento de Partido Popular local e da Consellería de Sanidade sobre o futuro de Centro de Saúde de Barbadás, e que temos que dicir sobre este Centro de saúde primeiro que está infrautilizado, porque hai varias salas, creo lembrar que hai catro salas e aí hai só unha que se utilice, unha para a enfermeira e outra para o médico, mire vostede, vostede mesmo recoñece esa infrautilización. Agora vou falar de malgasto, se ese era o uso que se lle ía dar a ese Centro médico, por que se construíu tan grande, vostede tería que dar respostas a moitas cuestións. Segundo este centro sanitario foi utilizado polo Alcalde simplemente como trampolín para reincorporarse á actividade laboral, é o único para o que vostede o utilizou, e as consecuencias saltan agora á vista, son nefastas, o único que vai facer vostede utilizando ese centro de saúde como trampolín persoal é prexudicar ós veciños do noso Concello, nin máis nin menos. A marcha do señor Freire provocou que saltaran todas as alarmas ante a intención da Xunta, inicialmente ante a intención da Xunta de no cubrir esa praza, e así foi, porque inicialmente estaba previsto que un doutor de A Valenzá fora destinado a este centro médico, e vostede sábeo perfectamente, precisamente ante a noticia publicado polo Partido Socialista, resulta que se cambiou ó día seguinte esa decisión, a previsión era que o doutor Patricio destinara das súas sete horas e media de xornada laboral, dúas horas e media ou tres a vir a este Centro de saúde, esa era a previsión do Sergas, esa era a previsión e estaba presente xente na mesa negociadora, que o saben perfectamente. O día seguinte despois de publicar esta noticia foi cando todo se modificou e todo se axilizou, pero esa era a previsión real, era a de cubrir a praza de aquí de Barbadás, por medio dun médico de A Valenzá, nin máis nin menos, esa era a previsión. O Grupo Socialista alertou desta situación nos medios de comunicación hai xa máis de dúas semanas e o pasado día 14 de abril presentou unha batería de preguntas solicitando que foran respondidas de xeito inmediato e transcorridos 14 días o Sr. Alcalde aínda non dera sinais vida, o día 29 aínda seguía calado diante das insistentes preguntas formuladas polas veciños e veciñas do noso Concello, e nós esixíamos inmediata resposta ás seguintes preguntas, estas preguntas tamén foron presentadas no Parlamento de Galicia estamos esperando tamén a que haxa unha resposta por parte da Consellería de sanidade.

¿ Cal é a previsión que ten o Sr. Alcalde sobre o futuro do Centro de Saúde ubicado na parroquia de



Barbadás unha vez que funcione o novo Centro de Saúde da Valenzá?, ¿A Xunta de Galicia ten previsto manter aberto un centro médico en Barbadás?, ¿A Conselleiría de Sanidade aposta pola desaparición do centro de saúde en Barbadás ou, pola contra, vai a apostar por manter un centro na capitalidade municipal como é o desexo do Grupo Municipal Socialista de Barbadás?. Pois ben, finalmente estas preguntas foron contestadas quince días despois de haber sido formuladas, quince días, nun asunto de máxima alerta e de máxima prioridade para os veciños de todo o entorno. Esa é a proba do escaso interese que vostedes tiñan e teñen por solventar este asunto. Pero aínda é máis grave o contido das respostas, nós nos somos a Consellería, esa é a resposta, na última pregunta e se quere búscuas, que as teño aquí, a resposta de cada unha das preguntas, tres palabras é o que contén cada frase en relación a esas preguntas, pero é triste que nos digan “nós non somos a Consellería”. Pero vamos a ver aquí hai catro Concelleiros que cobran dos petos dos veciños e creo que unha das obrigas para eses Concelleiros, neste caso debería ser entendo eu o señor Julio, debían coller o teléfono e senón saben utilizalo que se vaian persoalmente á Consellería e falen, e pregunten, e preman para saber cal é a resposta sobre este tema que preocupa á veciñanza, pero dicir nós non somos á Consellería é rirse dos veciños literalmente. Nós nos somos a Consellería, esa é a resposta do señor Freire, unha reposta asinada polo señor Freire. Delatan esas respostas unha desidia, un desinterese tan grande que raia no desprezo, entón nós queremos saber se se fixeron xestións coa Consellería de sanidade, e no caso afirmativo queremos saber cales foron, que se dean explicacións claras, non evasivas. A veciñanza de Sobrado, Bentraces, Loiro e Barbadás están esperando que a señora Chelo Vispo, responda a todos estes interrogantes, porque os veciños de Sobrado, Bentraces, Loiro e Barbadás faláronlle persoalmente con vostede, si, non o negue, e contestoulle a algún deles que ó día seguinte ou en escasas horas tería resposta pola súa parte, e a día de hoxe seguen esperando resposta, si, Chelo si, a día de hoxe seguen esperando resposta, pois se non é a día de hoxe responderíalle vostede hai dous días, pero dende logo que no momento que fixeron as preguntas que se dirixiron a vostede comprometeuse a responder en moi breve espazo de tempo, moi breve, máximo un día, están esperando. Pero esta situación é un novo capítulo do aldraxe que sofre a sanidade pública en Barbadás, a nosa sanidade pública non soporta a comparativa algunha con calquera outro concello incluso de moita menos poboación, e non só falo de instalacións, falo tamén de recursos humanos, mencionounos Fírvida perfectamente, temos menos médico xerais do que é a media, e non hai servizo farmacéutico, nin xinecoloxía, nin odontólogo, nin tampouco fisio, e a pediatría está escasa de medios. A desaparición do Centro médico de Barbadás o que supón é sobrecargar novamente o Centro médico



de A Valenzá, hai preto de cincocentas cartillas en Barbadás que terían que ser repartidas entre os médicos de A Valenzá, se agora o retardo no que é asignar citas é relativamente importante pois nese caso na desaparición do Centro de saúde de Barbadás converteríase nun colapso total, probablemente a espera ascendería a unha semana, esa é a política que fai o señor Freire sendo médico. E por outra banda o goberno do PP e a súa candidata teñen que explicarnos de novo cal é a razón para que as obras do novo centro de saúde aínda non se iniciaran, cando se dixo hai poucos meses, moi poucos non sei se foi a primeiros deste ano, penso que si que estarían rematadas antes de fin de ano, eu creo lembrar e creo que non me equivoco que o financiamento deste centro de saúde se fai con fondos FEADER diso estamos completamente de acordo, creo lembrar tamén que xa hai unha prórroga para o investimento deste diñeiro, porque creo que finalizaba o prazo no 2013, prolongouse ó ano 2015, e tamén creo lembrar, e que alguén me diga se me equivoco que para poder acollerse a esta subvención a obra tiña que estar finalizada no ano 2015 e funcionando, que alguén dos membros do goberno do Partido Popular me explique como iso é posible, como é posible que o centro de saúde estea funcionando antes de final de ano, cando aínda non está iniciado, que o explique. Ademais existen problemas de financiamento, parece ser que existen problemas de financiamento para construír o muro de contención que a Deputación no seu día prometeu que ía pagar nun anuncio en prensa, novecentos mil euros que ían saír das arcas da Deputación e que era quen ía sufragar a construción dese muro, pois ben, parece ser que o atraso, iso é certo, iso é certo que está aí publicitado, hai un anuncio pagado polo Deputación, e aínda por enriba que pagamos os veciños deste Concello, ou sexa, ese anuncio non se pode negar, eu entendo que iso é un compromiso firme de pago, pois parece ser, e isto gustaríame que o clarexasen vostedes que iso muro de contención non vai ser pagado pola Deputación, agora hai que buscar financiamento para pagar ese muro de contención e probablemente sexa iso o que provoca o atranco, isto é o que se di, e é o que escoito, é o que traslado aquí que é o foro para que vostedes o clarexen, e se esa non é a razón explíquenos cal é a razón pola que o centro de saúde faltando seis meses para que finalice o ano aínda non está iniciado, sete, estamos a día catro de maio. Agora hai un novo Presidente da Deputación mesmo semella que o Partido Popular herdan os cargos pero non as promesas, ¿o actual Presidente da Deputación vai cumprir co compromiso do seu pai de financiar ese muro de contención?, se non é así ¿como se vai a financiar este muro?, ¿cando se inician as obras?, eu gustaríame que tomara alguén nota destas preguntas para que se responderan, porque senón vou a incidir de novo nelas, ¿como se vai a financiar o muro de contención?, ¿cando se van a iniciar as obras?, ¿córrese o risco de perder o financiamento da Unión Europea?. Señor Freire e Vispo todo



Barbadás esixe resposta a estas preguntas, e deben ser claros ó que atinxe o centro de saúde de Barbadás, como o que afecta ó novo centro de saúde de A Valenzá, estamos xogando coa saúde dos nosos conveciños e conveciñas. E por certo tamén deben explicarnos cal é a razón pola que agora non se poden trasladar as cartillas de A Valenzá a Barbadás, porque cando no seu día vostede tomou posesión da súa praza en Barbadás, ben que premeu a moitos pacientes a que se desprazaran, afirmoo, e que conste en acta que o señor Freire premeu a pacientes que estaban situados en A Valenzá para que se desprazaran para Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Para nada, non presionei absolutamente a ninguén, non falei con ninguén para iso, porque eu era consciente de que non quería meter nunha situación ós pacientes, se despois podía haber algún problema como é o caso, se eu me marchaba, iso non é certo, poña nomes e que mo digan.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu non teño que dicir a quen, é certo e o reafirmo, pero agora explíqueme por que no seu momento cando vostede foi nomeado médico de Barbadás se puideron trasladar cartillas de A Valenzá a Barbadás e agora resulta que non.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non me creo que sexa verdade iso que vostede di

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois cónstalle ós veciños señor Freire, pois faga as xestións que para iso é o Alcalde deste Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non me consta, enterareime.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois faga xestións que para iso é Alcalde deste Concello. A nosa resolución é apoiando todas as iniciativas que presenta o Bloque Nacionalista Galego, esixir á Consellería de Sanidade e á Xunta de Galicia que garanta a permanencia do Centro de Saúde de Barbadás.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois a nosa tamén é exactamente a mesma apoiar incondicionalmente todos os puntos tanto o da moción do BNG, coma a que vostede presenta, ou sexa, estamos totalmente de acordo en tódolos puntos, así que non esixe debate ningún, porque está moi claro que nós tamén queremos que o centro de saúde siga aberto, que se dote por suposto, e a min non me consta, volvo a reiterar que non se lle deixe cambiar á xente para arriba, se iso é verdade tomaremos nota, en todo caso tamén teño que dicir que se falou loxicamente coa Xunta reiteradamente, se nos prometeu que a construción era xa, inminente, e incluso podo dar fe por suposto que vostede interrogou antes a candidata do Partido Popular é Consuelo Vispo que estivo falando persoalmente coa señora Eloína Núñez, e lle poderá dar pormenores, pero a min me consta



pola boca dela, que tódolos compromisos eses de facer o novo centro e a dotación serán cumpridos. Por un lado, por outro lado, en canto ó do financiamento do muro que se a Deputación, que tal, vamos a ver iso xa se lles explicou a vostedes, iso modificouse o proxecto do centro de saúde, foi unha das causas tamén da demora digamos, e loxicamente estamos seguros de que non se pode perder o financiamento europeo, iso está claro, agora os trámites é unha cousa que lle compete á Xunta, e eles son os que están con eles, nós dende aquí se lles contestou de que nós non somos quen de responder pola Xunta de Galicia, porque é lóxico que non somos quen, nós somos quen de esixirlle, agora responder pois non podemos obviamente, nós podemos responder polos nosos feitos, e todo o resto estamos de acordo, que hai que mantelo, que é unha maneira de descentralizar tamén todo o que é de A Valenzá, darlle un bo servizo ós veciños da parte rural, sobre todo da parte sur do Concello como son Barbadás, Sobrado, Bentraces e Loiro, incluso se queren vir algúns doutro lado que se teñen que desprazar como poden ser de Piñor e Parada, como xa están vindo neste momento moitos deles, pois estamos de acordo, entón iso imos a reivindicar e a loitar total e absolutamente por todos eses puntos que se expuxeron aquí, entón eu creo que non esixe moito máis debate, independentemente do que queiran vostedes que se debata.

O sr. Fírvida toma a palabra: Temos dereito a unha segunda intervención, despois do que acabamos de escoitar como para non intervir. É increíble, o señor Alcalde ven a un Pleno a dicirnos que non me consta, que xa me enterarei, eu acabo de escoitar da súa boca, que non lle consta que se enterará, ou sexa, ven a un Pleno onde estamos debatendo a posibilidade de que sumado a situación de necesidades en tema de médicos que hai en Barbadás, que vaia desaparecer unha praza de médico e o peche do centro de saúde que está prestando un servizo, e vostede contesta que non lle consta, que xa se enterará.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dixen que non me consta señor Fírvida, que non deixen cambiar xente de A Valenzá para Barbadás, é o único que non me consta, o resto digo que é radicalmente falso

O sr. Fírvida toma a palabra: Si, é normal que unha persoa que é médico, que é Alcalde dun Concello, que sabe que a oposición trae dúas mocións a un Pleno para falar da sanidade que diga no Pleno que non lle consta, é o máis lóxico, o máis democrático, e o máis transparente do mundo son contestacións, non me consta.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non me consta que non deixen cambiar a xente de A Valenzá para Barbadás, iso é o único que non me consta.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois, entérese, antes de vir aquí entérese, faga o seu traballo, porque o



único que está demostrando é unha desidia, unha falta de traballo, e unha incompetencia absoluta, porque é capaz de presentarse diante dos seus veciños cos deberes sen facer, sen preguntar, sen preocuparse, sen enterarse, sen informarse, que é o mínimo, mire iso é o mínimo que se lle pode esixir a un representante político, é o mínimo, a min me caería a cara de vergonza se nunha asemblea do Bloque, ou indo pola rúa pola A Valenzá, me fan unha pregunta e non sei dalgún tema, preocúpome de buscar a información e de contestarlle a esa persoa e eu estou na oposición. Señor Freire si, a vostede non lle interesa, total como xa marcha que máis da, como xa se foi. Mire e despois nos di como sempre que a Xunta prometeu que se fará o centro de saúde, está ben que o prometa, pero de paso tamén que lle vaian dicindo en que ano, non só prometer, que nos digan en que ano, porque a ver se vai ser como Jesús Vázquez cando veu a dicir que o curso escolar 2011-2012 empezaba a funcionar o instituto de secundaria en Barbadás, ou a ver se vai ser como cando a Conselleira de sanidade veu a visitar este Concello na campaña electoral do ano 2013 e presentaron un power point na Casa da cultura do novo centro de saúde e que se ía a construír inmediatamente, a ver se vai ser así, ou todas estas promesas que acabamos de mirar na prensa. Vostede segue aquí vendéndonos fume, dicindo que fai cousas e non fai absolutamente nada, a única maneira de que este Concello teña dotacións públicas e coa mobilización cidadá, e está demostrado, cada cousa que se conseguiu en Barbadás, foi porque as veciñas e os veciños se mobilizaron, cada cousa que se conseguiu foi porque eles se revelaron en contra do Partido Popular por unha vez, e solicitaron as infraestruturas necesarias, e neste caso vai pasar o mesmo, mire nós fixemos unha recollida de sinaturas, por certo quero agradecer a moita xente deste Concello que anonimamente se prestou a recoller sinaturas pola rúa, polas casas, polas parroquias en contra do peche deste centro de saúde.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aí tamén está a miña, pode analizala.

O sr. Fírvida toma a palabra: É que a hipocrisía deste Alcalde é absoluta, é de un grado a hipocrisía súa, pois o Bloque Nacionalista Galego, eu creo que, non estou dicindo a verdade, non foi o Bloque Nacionalista Galego, a cidadanía de Barbadás foi quen de conseguir 484 sinaturas nun espazo de tempo moi reducido, en contra deste peche do centro de saúde de Barbadás. Señor Freire faga os seus deberes, traballe, se aínda ten ansias ou interese por algo, faga algo antes de irse, e senón déixelle encomendas a súa sucesora, polo menos informen ós veciños, non lles mintan, e digan o que teñen que facer co centro de saúde de Barbadás e que veña Eloína Núñez a dar explicacións, por que non se cobre esa praza de médico, por que se está baleirando de cartillas ese centro de saúde, pregúntelle a ela, pero que dea explicacións ós veciños.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do Grupo Socialista, e despois tomas a palabra Chelo.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Eu vou ser máis breve porque está moi ben explicado polo señor Fírvida, pero é certo a nós o que nos consta, vostede di que non lle consta, pero a nós o que nos consta é que o centro de saúde de A Valenzá está sen construír, iso é o que nos consta, e iso é o que lle consta a toda a cidadanía, e esa é a realidade señor Freire, os que menten son vostedes, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, creo que xa lles caeu a cara de vergonza de non anunciálo nesta campaña electoral, pero aínda non me sorprendería nada que aparecera a señora Conselleira polo soar asilvestrado que hai alí arriba na rúa, e que aparecera a señora Eloína a anunciar que dúas semanas despois das eleccións empezará o centro de saúde, non me sorprendería nada porque o uso partidista, político, electoral que vostedes fixeron da construción deste servizo ó longo destes últimos anos foi vergoñento, mentira tras mentira, iso era motivo de dimisión de todos vostedes, empezando por vostede evidentemente, pero de todos os seus Concelleiros, porque tíñaselles que caer a cara de vergonza do uso político e electoral que fixeron da sanidade e da saúde dos veciños e das veciñas, mentira tras mentira. Vostedes están seguros de que non se perdería a subvención da Unión Europea, se a finais do ano 2015 está sen rematar e sen poñer en marcha o centro de saúde.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu entendo que non, pedirán prórroga.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Entendo, volvemos á mesma resposta, entendo. Que argumento me poden poñer enriba da mesa para dicirme que non se perde ese financiamento, a boliña de cristal, a resposta do señor Feijóo, a resposta da Conselleira, que argumento sólido, por favor, en política hai que traballar con argumentos, e cando se fai unha argumentación deste tipo, entendo que non, que están transmitindo falta de seguridade ós veciños, non só falta de seguridade, senón que vostede non traballa, vostede non traballa ademais non encarga ós seus compañeiros e compañeiras que traballen. ¿vaise perder esa subvención si ou non?, e se é que non por que.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vólvolle a reiterar o que lle dixen anteriormente, entendo que non. Nós non estamos no trámite administrativo porque ese é un proxecto europeo que ten a Xunta loxicamente enriba da mesa e pola conta que lle ten á Xunta, supoño que non o vai a perder.

O sr. Valcárcel toma a palabra: É que cada vez que vostede abre a boca enmérdase máis por falar máis claramente, demostra claramente que non fai o seu traballo

O sr. Alcalde toma a palabra: Utilice vostede uns termos máis adecuados o de merda vale para vostede e para quen estime oportuno. Ten a palabra Chelo Vispo que lle vai a explicar o tema do



Centro de saúde. Por favor xa está ben con eses termos.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver os únicos que non fixeron os deberes foron vostedes, tanto o BNG como o PSOE, o único que fixeron é, a inquietude da cidadanía, o que fixeron é recoller sinaturas cando o que tiñan que facer era falar con Eloína para que ela mesma. Eu fixen os deberes e vounos explicar aquí á cidadanía, a min coma dixo vostede antes, a min só se me puxo en contacto unha asociación de veciños, que está o representante aquí hoxe, unha asociación, eu respondinlle o que sabía, e encargueime das preguntas que el me facía, ir contestando, e pódeo dicir se quere, eu non teño ningún problema. O que fixen foi o seguinte, cando vostedes empezaron a dar esas inquietude á cidadanía, eu falei con Eloína, fun persoalmente a falar con ela o martes, fun e díxome as palabras seguintes, vostede dicía que Patricio o médico que está no Centro de saúde de A Valenzá ía ir para arriba, que el ía a estar unhas horas, non é así, o que se fixo foi, vamos a ver o Sergas, e senón que me corrixa o Alcalde porque eu tampouco son médico, o tres días que ten el por mudanza por dicilo así, do posto de traballo que el ten en Barbadás, eses tres días si subiu o médico que está en A Valenzá, Alfonso Patricio, para cubrir dúas horas, abrir o centro de saúde e atender ós pacientes, nós o que fixemos é que ante as inquietudes da cidadanía e que nos chamaron, falei con Eloína persoalmente por teléfono antes de ir a vela persoalmente, e díxome non é así o que están dicindo e saíu unha nota de prensa dicindo que o luns xa estaría un médico para cubrir as catro horas que o señor Freire Couto estaba atendendo ós seus pacientes, así foi, vamos a ver estes tres días que Alfonso Patricio cubriu as dúas horas, o luns seguinte xa estaba o médico as catro horas alí para atender ós pacientes, imos ver, en ningún momento vaise pechar este Centro de saúde, e nós o Partido Popular vaos a defendelo, as palabras de Eloína foron que en ningún momento se intentou pechar, senón que vostedes tanto o grupo PSOE coma o BNG o que fixeron é ter problemas coa cidadanía. Vostedes o que fixeron é que se lle vostedes lle dixeron á cidadanía que vai pechar o Centro de saúde de Barbadás é normal que a cidadanía se poña en pé de guerra, é que é normal, é que fan sempre así, en vez de preguntar, as preguntas temos un teléfono, igual que fixo a asociación de Sobrado, poden falar con nós, e dicir o que sabemos. En canto ó cambio das cartillas, vamos a ver é certo o que vostede está dicindo, hai un problema que están arranxando neste momento que o Sergas, e creo que funciona así, cando a praza quinta que está aínda sen adxudicar a Barbadás, agora mesmo hai catro médicos un como pediu traslado, esa praza está libre, pois de momento non se pode, o sistema informático do Sergas non deixa cambiar o que é as cartillas de A Valenzá para Barbadás, o que están intentando arranxar é ese programa informático, creo que é bastante complexo e están niso, nos próximos días cando saibamos



todo isto comunicarémolo á cidadanía, pero o que non facemos é pór en pé de guerra a todos os cidadáns cando realmente non se vai pechar ese centro de saúde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non, é que a culpa é do Bloque Nacionalista Galego atención, ou sexa o Bloque Nacionalista Galego ten problemas coa cidadanía e seica quere pechar o centro de saúde de Barbadás, ese é o problema. Agora resulta que é o Bloque é quen ten a responsabilidade de goberno, somos os que levamos 28 anos gobernando este Concello, somos os que temos a Xunta de Galicia e a Consellería de sanidade e vai pechar por culpa do Bloque Nacionalista Galego, isto é absolutamente surrealista, isto é surrealista Chelo, isto é penoso. Mira, e programas informáticos, pero en que século vivimos, pero en que cabeza cabe que non se lle poda dar de alta a unha cartilla a un médico, ou a un lugar, pero iso en que cabeza cabe, pero que tipo de escusas, mire por favor, xa acaba de dicir ela que vostede non fai os deberes, polo menos deixe que ela que os fixo que se defenda, xa llo digo porque total vostede vai dicir que non lle consta, pero para dicir que non lle consta é mellor que estea calado, deixe a ela, a ela si que lle consta, xa adiantamos algo, a ela si que lle consta, entón xa que a ela lle consta que non se poden cambiar as cartillas, claro pero curiosamente de arriba para abaixo si, é dicir, hai un programa informático que che deixa quitar cartillas de aquí para alá, pero o programa informático non chas deixa subir.

O sr. Alcalde toma a palabra: Iso é porque non ten asignada a praza médica.

A sra. Vispo toma a palabra: Vamos a ver Fírvida, o que non hai é médico en Barbadás, non hai o quinto médico.

O sr. Fírvida toma a palabra: Entón nos estás dando a razón, en Barbadás non hai médico, senón hai médico pecha, están dando a razón.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vai asignar en resultas un novo médico

O sr. Fírvida toma a palabra: Está dicindo a señora Chelo que si que fixo os deberes, que seica en Barbadás non hai médico

O sr. Alcalde toma a palabra: Non é verdade iso.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pero entón por que razón se poden quitar cartillas de Barbadás

O sr. Alcalde toma a palabra: Porque lle estou explicando que seguramente é polo motivo que non está asignado aínda oficialmente un médico, e vai a asignar en resultas un novo médico.

O sr. Fírvida toma a palabra: Que credibilidade cres Chelo que ten Eloína Núñez a prima do Presidente da Xunta de Galicia que non fai outra cousa que saír nos periódicos por todas as historias que está facendo coa sanidade na nosa provincia, porque para iso sae nos periódicos por exemplo coa



colocación do seu marido, e como iso todos os postos de traballo do Sergas, si, se fixeches os deberes sábelo, porque lerías a prensa, que credibilidade ten esa señora cando ten vido a pasear aquí a Barbadás no ano 2008, no 2010, no 2013, oe casualidades, pero sempre en campaña electoral, nunca sacou unha nota de prensa sobre a sanidade en Barbadás que non fose en campaña electoral, sempre saen as notas de prensa en campaña electoral, pero a culpa é do BNG, si, porque o BNG cando veñen cousas ao Pleno estudamos, preguntamos, porque nós si que preguntamos, na xunta de persoal no Sergas que pasaba con esa praza de médico, e non souberon responder, e a semana seguinte que si que xa traía o señor os deberes feitos, dixo, non, non, si que se cobre, pero cúbrese cunha praza provisional, e cando lle preguntaron por que non saía a resultas, non, non porque non sae.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa vai saír.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non, non é certo,

O sr. Alcalde toma a palabra: Que si.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pois preguntade.

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa preguntamos e nos dixeron que si

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu coas persoas que están aquí presentes me comprometo que nas resultas do concurso de traslados esa praza non se cobre.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois eu dígolle que si.

O sr. Fírvida toma a palabra: Ben, pois xa está, o tempo nos dará e nos quitará razóns. Eu digo que no concurso de traslados e nas resultas do concurso de traslados non se cobre, é unha vergonza o que están facendo, están enganando outra vez á xente deste Concello

O sr. Alcalde toma a palabra: Non estamos enganando a ninguén

O sr. Fírvida toma a palabra: Están mentindo a mantenta, están intentando saír deste apuro como poden, e o día 25 se os cidadáns non fan algo, ese centro pecha, porque o contrato provisional curiosamente é para este mes, e senón pregunte vostede na xunta de persoal.

O sr. Alcalde toma a palabra: Dígolle eu que non pecha, que falei eu coa Eloína un montón de veces sobre o tema.

O sr. Fírvida toma a palabra: E dálle coa Eloína, a Eloína é esta a dos periódicos.

O sr. Valcárcel toma a palabra: A señora Chelo é que me sorprende, vamos a ver, o Partido Socialista non alertou de ningunha cousa que non fora certa con aquela nota de prensa. O Partido Socialista dirixiuse á representación sindical que estaba na mesa de negociación e de elaboración do programa de traballo dos centros sanitarios, estaban alí presentes, e a min chamáronme os



representantes sindicais, e iso é así. Precisamente a raíz desa comunicación foi cando se intentou solventar todo este entorto que vostedes argallaron, así de sinxelo. Di vostede, podemos chamar por teléfono, é que nós non fixemos os nosos deberes, que temos que chamar nós á Consellería, quen gaña aquí mil catrocentos euros ó mes para facer o seu traballo, vostedes, vostedes dúas e vostedes dous, nós estamos facendo un traballo de control da súa ineficacia, e de feito nós aínda así facemos o noso traballo porque presentamos as preguntas por escrito no Parlamento de Galicia. Máis probas da súa ineficacia é que tardaran quince días en responder a unhas simples preguntas presentadas polo Partido Socialista, e di vostede chamade por teléfono, pero vamos a ver despois de toda esa sarta de mentiras que se ten visto aquí neste Concello, despois de todas as cousas que se preguntan extraoficialmente por dicilo de algún xeito por escrito, que non se rexistran, que se esquecen, que se perden imos a chamalos a vostedes por teléfono para que nos respondan a un asunto desa relevancia, se tardan quince días en contestarnos por escrito pero a resposta tomo nota esa sería, chamo dentro de catro días ou cinco, non, neste asunto de gravidade e de feito non neste asunto senón en case todos, pregunto por escrito, porque quero certezas, porque despois vostedes son capaces de negar a maior.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois entón sometemos o asunto a votación primeiro a moción do BNG, votos a favor da moción do BNG. Votos a favor da moción do Partido Socialista sobre a moción do centro de saúde de Barbadás. Quedan aprobadas entón as dúas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do BNG para solicitar que non peche o centro de saúde de Barbadás: 1.- O Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza que non se peche o Centro de Saúde de Barbadás.

2.- O Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza que se cubra a praza de médica/o no Centro de Saúde de Barbadás de maneira DEFINITIVA.

3.- O Concello de Barbadás solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza que se dote de todos os servizos necesarios para poder atender á poboación que teñen o seu médico de familia en Barbadás, como persoal de enfermería e administración.

4.- O Concello de Barbadás, ante a precaria situación da asistencia sanitaria en Barbadás, solicita á Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza a inmediata construción do novo centro de saúde da Valenzá.”



6- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA QUE A CONSELLERÍA DE SANIDADE MANTEÑA O CENTRO DE SAÚDE UBICADO EN BARBADÁS.

Este punto xa foi debatido no punto anterior.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **”Moción do PSdeG-PSOE para que a Consellería de sanidade manteña o centro de saúde ubicado en Barbadás: Esixir á Consellería de Sanidade e á Xunta de Galicia que garanta a permanencia do Centro de Saúde de Barbadás”.**

7.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA SOLVENTAR AS CARENCIAS E NECESIDADES QUE DENDE HAI ANOS TEÑEN PARADA, PIÑOR E SANTA UXÍA.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto que é o punto 7 que é unha moción do Partido Socialista para solventar as carencias e necesidades que teñen Parada, Piñor e Santa Uxía. Ten a palabra a súa voceira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A parroquia de Piñor ten unha serie de carencias que a pesar do paso dos anos, da insistencia do Partido Socialista, dos colectivos veciñais e d@s propi@s residentes non se teñen solventado ou fíxose a un ritmo moi lento.

Os tres pobos que compoñen a parroquia: Santa Uxía, Parada e Piñor aínda non viron corrixidas as carencias e necesidades reiteradamente plantexadas. Tampouco se cumpriron os compromisos plenarios adoptados de xeito unánime.

Piñor é a segunda parroquia máis importante do concello, despois da Valenzá. En Piñor residen 924 persoas, en Parada 320 e en Santa Uxía 23, unhas cifras que indican que o factor poboacional debe ser tido en conta á hora de planificar investimentos e dar solución ás cuestións plantexadas dende diferentes polos, colectivos veciñais, cidadáns e grupos políticos.

O Grupo Socialista vese deste xeito na obriga de insistir en cuestións cuxa responsabilidade é única e exclusivamente do grupo de goberno do PP. As demandas plantexadas abarcan dende carencias nas zonas deportivas, na seguridade viaria, na mobilidade, nos parques, na rede de recollida de augas ata o medio ambiente ou a mobilidade das persoas.

Trátase de cuestións facilmente subsanables na maioría dos casos. O fundamental é ter intención de escoitar á veciñanza e tratar de pór solución ós problemas que plantexa. Nesta proposta xa non



incluímos os proxectos importantes que requiren dunha solución_a medio prazo, como poden ser a reforma do Campo de Roma ou do campo de fútbol de Parada nin na rehabilitación da antiga escola de Piñor.

Para o Grupo Socialista o prioritario é actuar naqueles ámbitos nos que a solución pode afrontarse cunha contía non elevada de diñeiro. Só se trata de ir dando solución a cuestións plantexadas pola veciñanza, establecendo prioridades. Pero para o PP debe resultar complicado solventar solucións sinxelas a cuestións aínda máis sinxelas, é dicir, para o que dende o Grupo Socialista denominamos a “*política das pequenas cousas*”. Pequenas para os gobernantes, pero grandes para @s que as solicitan. Por todo elo é que o Grupo Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1. Habilitar unha zona wifi nos centros sociais de Parada e Piñor.
2. Instar á Deputación a construír de xeito prioritario os pasos de peóns elevados en Parada e adaptar á normativa o que se construíu de xeito inaxeitado. Volver a pintar o paso de peóns na intersección da estrada de Toén e o cruce de Parada.
3. Limpeza periódica das marxes das estradas e dos parques infantís non só unha vez ó ano.
4. Campo de Roma: aumentar o número de elementos de xogo na zona infantil, vallado desta área, instalación reductores de velocidade pola cercanía da área infantil e instalación dunhas canastras de baloncesto dignas dun pobo no que residen preto de 1.000 persoas. Colocar máis bancos enfronte dos que xa existen para facilitar a interacción.
5. Instar á Deputación a instalar iluminación pública entre a residencia de Cabeza de Vaca e o inicio do pobo de Piñor, así coma no camiño do Pito e no cruce da igrexa.
6. Erradicar dun xeito definitivo o vertedoiro de Barxa.
7. Arranxo do firme da pista de San Bieito.
8. Colocar unha marquesiña na estrada provincial entre Ourense Toén nas inmediacións do Hospital de Piñor.
9. Retirar a marquesiña que a Concellería de Obras colocou no cruce da estrada de Toén coa de Parada por non ter uso.



10. Facer as xestións necesarias ante a Deputación para buscar unha solución ó Camiño da Chouciña.
11. Aumentar as medidas de seguridade viaria na estrada entre a travesía de Piñor e Vista Hermosa para evitar o paso de vehículos pesados, así como incrementar a vixilancia para facer cumprir as normas.
12. Santa Uxía: instalar colectores de recollida selectiva (plásticos e cartón); Instalar unha rede de recollida de augas pluviais no tramo arranxado recentemente. Desbroce periódico do entorno da depuradora e rehabilitación do canastro que se atopa ó carón da mesma.
13. Arranxar o desnivel e o atranco que supón para os automobilistas a rexilla situada no cruce da travesía de Piñor co camiño das Quintas.
14. Instalar unha rede de recollida de pluviais no Camiño do Pito (Piñor).
15. Instalar a placa co nome de Carmen Martín Gaité no centro social de Piñor e os bustos de Gaité e Antón Faílde.
16. Plan de substitución das marquesiñas de Piñor debido a que son obsoletas. Instalación de mobiliario urbano ó longo da travesía.
17. Definir quen se encarga en Piñor do mantemento e limpeza do centro social.
18. Instalar un sumidoiro de augas pluviais no Camiño das Dilueiras para evitar anegamentos.
19. Levar a cabo obras de mellora no parque infantil da Aira, así como a súa limpeza periódica.
20. Mantemento periódico do **Común** e non contribuir ó seu desmantelamento, tal e como está facendo o goberno do PP.

A sr. Morenza toma a palabra: Moitas grazas Presidente, Bos días, hoxe falamos da parroquia de Piñor por ser a segunda en importancia do Concello de Barbadás, e abordamos na proposta cuestións cruciais para os tres pobos, que son Parada, Piñor e Santa Uxía. Nos casos de Parada e de Piñor habilitar unha zona wifi nos centros sociais suporía un paso máis na modernización das instalacións e facilitaría o acceso de xente moza a estes lugares, iso non llo temos que vir contar nós aquí, xa llo contou a veciñanza, xa llo contou a asociación de veciños, xa o sabe o Alcalde, non lle interesa. O



Partido Socialista trouxo hai anos unha proposta para habilitar unha aula de novas tecnoloxías, o señor Alcalde estaba de acordo, quería levar a modernidade aos pobos, non o fixo, incumpre, e hai puntos do acordo que propón o PSdeG-PSOE que están vinculados á seguridade viaria e á mobilidade, trátase de cuestións menores, pero que pasan as semanas, os meses os anos, e seguen sen repintarse o paso de peóns que se borrou coas obras que se levaron a cabo na Estrada de Toén, os viandantes non teñen seguridade para cruzar dunha beirarrúa a outra, e segue sen aparecer o técnico que ía vir a supervisar os pasos elevados da travesía de Parada, segue sen vir o técnico, seguimos agardando a que se instale unha marquesiña no Hospital de Piñor, tan comprometida polo Alcalde, cingome ós compromisos que adquiriu aquí en sesión plenaria, dos que hai probas, e non da chegada o momento que se vexa cumprida a existencia de prohibir o paso de vehículos pesados entre Piñor e Vista Fermosa por Barxa. No Grupo Socialista seguimos lembrando o incumprimento plenario para colocar os bustos de Antón Failde e Carmen Martín Gaité, e de pór o nome da ilustre escritora ó Centro Social, outro compromiso adquirido aquí en sesión plenaria incumplido, seguimos a espera de que se vale a zona infantil de xogo do campo de Roma, ou de que se instalen redutores de velocidade, tamén segue agardando o parque da Aira e o do Común. No tema do Campo de Roma andaron moi espabilados nesta caso para quitar as canastras que colocaron inaxeitadamente sen encomendarse a Deus nin o diaño, e que provocaron tantas queixas que víronse obrigados a desprazar, primeiro emprazan unhas canastras vellas que non servían para nada, para nada, e colócanas nunha zona nova, onde xogan a maioría dos nenos do pobo e veñen a xogar dos pobos colindantes e preténdenos colar esas canastras, despois téñenas que volver a cambiar, ¿a que xogan? ¿A quen pretendían convencer? ¿Que votos pretendían carretar con iso? non sei, nós non lle somos cidadáns de segunda, nin en Piñor, nin en Santa Uxía, nin en Loiro nin en Sobrado, non, no rural non lle somos cidadáns de segunda señor Alcalde. Os veciños de Parada non perderon aínda a esperanza de que se lle busque unha solución ao camiño da Chouciña, non a perderon, o Grupo Socialista será pertinaz, foi, é, e será pertinaz na petición, xa o fixo a través de rogos, e mocións ao longo destes oito anos e tamén o fixo a finais do mes de abril no Pleno da Deputación por señores do Partido Popular. Os compromisos estalle para cumprilos, a veciñanza hai que escoitala e aos problemas hai que darlle unha solución, e o camiño da Chouciña está inutilizado desde finais dos anos 90 señor Alcalde, finais do anos 90, xa levamos dous presidentes da Deputación, vostede segue sendo sempre o sempiterno Alcalde, pero o compromiso adquiriuno por activa e por pasiva, diante dos veciños de Parada de Piñor e Santa Uxía, poderíamos estar falando durante horas, de feito aquí neste Pleno trouxemos moitas cuestións de interese que non se fixeron, punto de



iluminación no Pito, novembro de 2013, non se fixo camiño da Seixada de poñer un muro caído en novembro de 2013, non se fixo, incremento da vixilancia na Estrada de Piñor ante as perdas de combustible na Estrada, que se produciron contratemplos incluso accidentes que non chegaron a ser mortais, por sorte, 10 de marzo de 2014, habilitar un stop entre o camiño da Pipileria e a Travesía de Piñor, maio de 2014, fíxose, ben, liña descontinua entre Barxa e o viario de Ousande 8 de xullo de 2009, fíxose cando estaba o BNG co bipartito de Ourense, grazas a unha xestión dun Concelleiro da oposición que foi Serafín, fíxose, si señor, pero foi Serafín, non foi o Alcalde de Barbadás. Muro de protección na cancela para evitar esbarroncamentos, xa a anterior Concelleira de Obras, que non estamos seguros se segue sendo Concelleira de Obras ou non porque non no lo dan dito, en xuño de 2009 tiña coñecemento do tema, non se fixo, camiño do Hospital inundación buscar unha solución algo se fixo, a ver como queda o tema nos vindeiros invernos, xuño de 2009, instalar unha sinal de stop ou ceda no cruce da Estrada tras campo de fútbol, Estrada Parada de Piñor febreiro de 2010, fíxose, estamos de sorte as pequenas cousas vanse facendo, moción do lixo para a recollida en todas as parroquias a diario, no caso contrario reducir a taxa, iso xa o presentamos no 2008, non se fixo abarca a todos os pobos do Concello, moción para a posta en funcionamento dunha aula de novas tecnoloxías da que falabamos ao principio no centro social de Piñor cando se puxo en marcha para agrupar alí actividades relacionadas coa informática de persoas de mozos de todo o Concello setembro 2009, non se fixo, compromiso incumplido. Moción da travesía de Piñor, construción de beirarrúas que non se terminou, substitucións de marquesiñas, non se fixo, completar o mobiliario urbano, non hai nin unha soa papeleira, instalación de farolas ornamentais, non se poden facer que non están os tempos para iso, fora unha proposta de 2007. Moción sobre o mantemento e limpeza dos centros sociais, non nos queda claro como está o tema, nós esta moción presentámola en novembro de 2012, hai moitas queixas en algúns centros sociais, en algúns directamente xestionados dende o Concello de Barbadás polo Señor Concelleiro de Servizos Sociais, non queda claro quen limpa, non queda claro quen abre, non queda claro quen xestiona o centro social. Implantar o transporte metropolitano, subvencionar o transporte público, con todos os pobos do municipio de Barbadás, setembro de 2013 xaneiro de 2015, presionado polo Partido Socialista o Alcalde vese na obriga de asumir un compromiso que agora grazas o Partido Socialista vai cumprir, estamos de parabéns a oposición fai os seus deberes. Rogo do desbroce da glorieta de Parada, tivémolo que pedir case en tres ou catro ocasións, non se facía, era a imaxe que ten unha persoa, o chegar ao pobo de Piñor non se facía, xuño de 2013, agora parece que hai maior interese, pregunta sobre a potabilidade da auga en Parada, hoxe tamén traemos unhas preguntas



similares esperamos que nos a respondan con detalle, preguntas sobre como quedarán as beirarrúas da Peza, grazas a intervención do Partido Socialista tanto no Concello coma na Deputación fixéronse pasos de peóns e buscouse unha solución para que os viandantes camiñen con seguridade nesa zona, a oposición fai os seus deberes, ó señor Alcalde moitas veces non lle constan as cousas, a nós si, pregunta sobre o punto onde se encontra a instalación de novas tecnoloxías, nada, en xuño de 2012, seguiu sen facerse, instalación dun bambán con cestiño no campo de Roma 2013, fíxose intervención do Partido Socialista, moción da alameda de Parada para melloras, non se fixo, o pouco que se fixo, fíxose por conta da asociacións de veciños, bonobus regulamento non sabemos si vai a ver algún regulamento para a subvención por parte do Concello tanto do transporte en todo o municipio agora que se vai a poñer en marcha en campaña electoral, coincidindo ca campaña electoral en Parada e en Piñor logo para instalar dous marquesiñas en Parada se retirara a antiga en febreiro de 2013 intervención do Partido Socialista, a importancia da intervención das Anpas e da asociación de veciños pero o Partido Socialista estaba alí, pregunta para pedir información sobre os bonobuses en Parada ou en Piñor xuño de 2013, debido a que o Alcalde vivindo enriba da empresa que é adxudicatario do servizo de transporte non se dignou a baixar as escaleiras entrar pola porta e preguntarlle como quedaba o tema, a empresa estaba esperando, pregunta sobre a ilegalidade nunha rampla nos camiños das Canivelas algo se fixo, tivo que insistir o Partido Socialista que parecía que estabamos en contra dun veciño, e solicitar a parada de bus á altura do bar de Parada tamén foi unha intervención do Partido Socialista. Mire téñolle máis señor Alcalde, téñolle moitas, porque a nós preocúpanos a parroquia de Parada, a parroquia de Piñor e preocúpanos Parada e preocúpanos Santa Uxía e por iso hoxe traemos esta moción, e por iso temos traído tantas, se quere cada día traémoslle unha de cada pobo, porque ten vostede tantos incumprimentos, porque levamos oitos anos pedindo cousas para os pobos e vostedes non se dignan a solucionar os problemas, non se digna señor Alcalde, vostede méntelle ós veciños. Menos mal que nós somos responsables, facemos unha oposición responsable señor Alcalde, traemos propostas en positivo, vostedes algunhas téñenas que cumprir porque non lles queda outro remedio, cumpren só as pequeniñas, pero quédanlle os grandes temas señor Alcalde, o camiños da Chouciña, a reforma do Campo de Roma, quédanlle moitos temas. Nós hoxe traemos 20 puntos para Parada e Piñor, con isto pretendíalle demostrar, que son necesarias máis cousas, o que pasa e que se quere tráigolle 50 puntos, porque vostedes está claro que non fan os seus deberes, o Concelleiro de Obras secundario ou anexo, non sabería como chámalo, non sabemos se fai o seu traballo, servizos sociais ou obras, pobre home, estádeslle acumulando o choio, por favor, ¿a ver



quen leva aquí obras?¿ quen leva a conta de todo?. Os 20 puntos, algúns que non nomeei, que se pode insistir neles, como instalar iluminación pública entre de Cabeza de Vaca e Piñor, algo tan básico como iso para aumentar a seguridade viaria nesta Estrada sobre todo o tramo tan concorrido, ou instar a Deputación que dun xeito prioritario se poña a construír os pasos elevados en Parada, que están esperando na asociación de veciños, están esperando os veciños,

O sr. Alcalde toma a palabra: Esta en marcha

A sra. Morenza toma a palabra: Está en marcha, levan esperando ao técnico dous meses, pero está en marcha. O tema do campo de Roma, si, andaron moi apurados para colocar algún elemento máis de xogo, para agora aproveitalo en campaña electoral, pero tiveron oito anos para facelo, e aumentar as medidas de seguridade viaria na zona cara Vista Ferosa, tamén tiveron moitos anos para facelo, non o fixeron, o plan de substitución das marquesiñas de Piñor, porque estanse colocando noutros lugares do municipio marquesiñas novas e en Piñor non as temos, entón pedimos xa aproveitando que se vai a pór en marcha o transporte metropolitano no ano 2025, pois podémolas ir substituíndo agora, ou tamén podemos tomar unha decisión ou levar a cabo unha actuación concreta no parque infantil da Aira, dado que xa se lle ten pedido por activa ou por pasiva dende hai moitos ámbitos, e non o dan feito. E despois tamén queremos que se fagan un mantemento periódico na zona do Común e que se evite o desmantelamento, non anden quitando xa as poucas cousas que hai no Común, para intentar coárnolas noutros lugares, poñan cousas novas, trátenos como cidadáns de primeira, e non como cidadáns de quinta categoría, moitas grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro ou voceira do BNG.

A Sra. González toma a palabra: Aquí un pouco pasa como pasa no resto dos temas, hai unha serie de Concelleiras que están cobrando un soldo mensualmente, e que non abren a boca nos Plenos, e que se lle están pedindo responsabilidades dun xeito máis ou menos continuado, e seguen sen abrir a boca. Unha delas é Miriam, que polo que eu sei levaba obras, e agora non o leva, pero renunciou a iso pero non renuncio ao soldo,¿non é?

O Tenente Alcalde toma a palabra: Segue levando obras

A Sra. González toma a palabra: Si pero non renuncio ao soldo, porque parece ser que o leva Julio ¿non?, que tiña que levar servizos sociais que tampouco renunciou o soldo, isto é unha completa estafa á cidadanía, vamos a ver aquí hai catro persoas liberadas, a tempo parcial, con catro horas de traballo, en teoría, que non son capaces de responder a unha soa pregunta da oposición. O señor Julio levaba servizos sociais, imposible que faga o seu traballo se ten que apoiar a señora Miriam que



levaba obras, e ámbolos dous seguen cobrando o mesmo ¿non? A min se traballo menos horas porque pido unha excedencia, redúcenme o soldo, ¿vale? a Miriam non, non sei, ben. A moita xente de Barbadás posiblemente conviñéselle ese traballo, ou ese soldo cando menos, o soldo que cobra ela por non facer nada, por estar aí sentada sen abrir a boca, ela e as demais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Todas traballan, non abriaran a boca como vostede di, pero traballan.

A Sra. González toma a palabra: Non abren a boca

O sr. Alcalde toma a palabra: Non abren a boca cando non deben, cando deben si a abren, que quede claro, elas traballan, que é para o que están.

A Sra. González toma a palabra: Déixeme continuar, o seu cinismo político e incalculable, vostede hoxe que se vai, que se retira, que en teoría é o seu ultimo pleno, fai aquí unha exposición ante o Centro de Saúde, e ante as demais cousas que realmente non ten vergoña ningunha, e o seu obxectivo primeiro ademais de encher o petos, ben por uns métodos ou ben por outros é o segundo obxectivo parece, parece, a ollos do BNG que é o desmantelamento do rural, e ben se viu, esta moción que trae hoxe aquí o Partido Socialista se cambiamos a microtoponimia, vale para calquera aldea para calquera parroquia deste Concello, de feito nas parroquias e nas aldeas, quedaron relegados a un segundo termo absoluto, se se fixo algo en algunha foi nas que en teoría lle dan votos en época electoral, senón vexamos Santa Uxía, vexamos as Lamas etc.,etc.. Loiro etc, como están a día de hoxe, e non solo como están se non como se machacaron, porque o caso das Lamas, o caso das Lamas é un exemplo moi claro, do que vostedes estiveron facendo no rural. Dende o ano 1995 ata hoxe o BNG trouxo multitude de propostas para arranxar as deficiencias detectadas nas parroquias, se ben a proposta do BNG sempre foi moi clara, no que e no como, nos propoñiamos dende xa no ano 1995, que se tiñan que programar as cousas, detectar as necesidades, facer unha programación plurianual, e ir solventando as necesidades de cada parroquia, sen que haxa parroquias de primeira e parroquias de segunda, ou A Valenzá e o resto, que se vaian detectando os problemas e que se lle vaia poñendo solución, priorizando, deste xeito a día de hoxe, as nosas aldeas e os nosos pobos facendo ben, podían ser un exemplo, porque temos unha sorte, primeiro pola localización onde estamos, ó lado de Ourense, e segundo porque temos zona urbana e zona rural, o que pasa é que si acabamos coa zona rural, pasa o que pasa, entón a nosa proposta sempre foi que a través de participación veciñal, e con transparencia facer plans plurianuais, por exemplo no arranxo da recollida selectiva de augas pluviais e fecais, e dos sumidoiros, no arranxo dos lavadoiros dos pobos do Concello, no arranxo e mantemento de zonas de ocio, como o Parque da Lucinda ou o propio Parque da Solaina, que está A Valenzá, na limpeza do



monte, no desbroce, na limpeza dos pobos, na limpeza dos contedores, no aseo das fachadas dos pobos, no ter en conta as ruínas que hai, as casas en ruínas que hai nos pobos, en facilitarlle á xente por exemplo que recupere fachadas, que rehabilite, pero todo iso en 28 anos nunca o tiveron en conta e nunca o quixeron facer. A día de hoxe podemos constatar que a súa falla de planificación e o seu desinterese, mantivo as aldeas e os pobos en situacións de abandono, lembrándose só delas na época electoral e para iso para botar unha capa de cemento encima ou unha pavimentación, por exemplo non están soterrados a instalación de cable, hai moita instalación de cable nas aldeas que a día de hoxe está completamente en desuso, e ninguén neste Concello se digna a levantar o teléfono, como di a señora Consuelo Vispo, chamar á empresa X e dicirlle que eses cables os retiren o substitúan ou o soterran, e máis, se lle está dando permiso a movistar por exemplo, para que pase a fibra óptica polo aire, en vez de soterrala, non sabemos porque, si por desidia, e por pasotismo, polo que fan sempre vostedes a salto de mata absolutamente todo, e despois, por exemplo ocorréselles pintar a aldea das Lamas con liñas amarelas, é dicir, estes señores contratan a unha empresa para que pinten a aldea das Lamas con liñas amarelas a continuación chaman á empresa para que a despinten, entón a empresa pintouna de negro e de gris nunhas zonas e de amarelo noutras zonas, poñen rotondas brancas na Finca Fierro, poñen sinais diante dos cruceiros, ¿iso que é?, ¿como se chama iso?. O Bloque Nacionalista Galego dende logo no momento en que chegue ó goberno de Barbadás, vai mellorar a situación das aldeas e das parroquias, e vairo mellorar, facendo reunións con todas as asociacións de veciños, en todos os pobos para detectar as carencias que hai en cada unha das parroquias, e a continuación facer plans plurianuais, e empezar a traballar na mellora do noso rural, ¿de acordo? orzamentando por suposto o que haxa que orzamentar cada ano.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, como loxicamente parte destes 20 puntos parte deles, algúns están en marcha, como vostede recoñeceu, algúns xa se fixeron, outros non, o que si está claro é que cada equipo de goberno ten a súa programación, e nós loxicamente temos a nosa, e asumir agora e votar a favor desta moción pois sería moi fácil, como se acaba a lexislatura, pois mira ti, pero iso si que sería demagogia, e nós non queremos facer esa demagogia, entón nós non vamos a votar a favor desta moción, simple e llanamente porque non a vamos a poder executar en principio, porque a lexislatura vai empezar no mes que ven unha nova, e os que veñan terán a capacidade de asumila ou non asumila, non vamos nós agora asumir algo que non temos a posibilidade de executalo, entón nós por ese motivo, vamos a votar en contra, simple e llanamente.

A sra. Morenza toma a palabra: Digo eu, tampouco o mellor lle da tempo de executar o remanente



de tesourería, e máis aprobámolo hoxe. Aprobamos o compromiso do financiamento, xa sei que aprobamos o compromiso do financiamento, xa que lle vai dar tempo e hoxe aprobamos o compromiso de financiamento introduzan o tema das zonas wifi, que si que se pode incluír no remanente de tesourería, que aínda lle quedan eses vinte e catro mil euros. Fala a compañeira Ánxela das reunións veciñais, se o BNG chega a gobernar, as reunións veciñais Ánxela xa se está facendo Chelo Vispo agora en campaña electoral, no rural porque Chelo Vispo está descubriendo que o rural en Barbadás existe, existe, agora está indo polos pobos, houbo xente que me chamou por teléfono dicindo vi a Consuelo, vi a Chelo, vi a la de la Caixa, pero asustada, asustada, a xente verdadeiramente está asustada, Chelo existe, ve o rural, vai a Piñor, vai a Bentraces, vai a Barbadás, é unha marabilla, entón ela xa está facendo reunións coas asociacións veciñais, logo xa nos pode pasar á información, engadímola a nosa por suposto. Nós seguimos sen ter claro o Concelleiro de Servizos Sociais cantas concellerías leva, por cantas cobra, cobrar cobrar solo poderá cobrar por unha, porque non se fixo que nos saibamos ningún cambio no soldo de este súper concelleiro, podémolle chamar agora o súper concelleiro de obras, porque a concelleira “ni se la espera nin se la ve”,

O sr. Alcalde toma a palabra: A concelleira de obras segue sendo a concelleira de obras, estivo de baixa un tempo.

A sra. Morenza toma a palabra: Si, si, nos somos conscientes de que estivo de baixa, nós niso non entramos,

O sr. Alcalde toma a palabra: Están cada un na súa función, pero el está seguindo os temas que empezou cando ela estaba de baixa, e punto.

A sra. Morenza toma a palabra: Ou sexa concelleiro e medio, máis, dous concelleiros e medio, o señor Julio pato, deulle moi bo resultado, lévao moi relegado na lista para ser tan súper concelleiro, lévao moi relegado na lista, vostedes faríana un pouco entre todos. Vostedes falan de que as Concelleiras non abren a boca, terán que dicir algo, porque nós aquí levamos oito anos, si pero durante oito anos nós traemos aquí propostas, algunhas son propostas pequeniñas porque o mellor a vostedes esas non lle interesan, pero es que o mellor nesas son as que elas teñen que falar, das súas áreas, esas propostas mellor máis secundarias, vostede fale dos grandes proxectos, eses que nunca acabaron de chegar, pero elas teñen que falar como falamos os concelleiros da oposición, todos, os seis concelleiros da oposición, os concelleiros da oposición que agora somos cinco tamén falamos, e os Concelleiros do grupo de goberno con máis razón terán que falar que son os que teñen formación, e así dirásenos, hai non, ese paso de peóns que pide a concelleira socialista é imposible, pero logo á



semana xa estaba pintado, elas terán que falar, terán que falar, por que parece a min que non hai moita comunicación entre vostedes. Vostede di que están en marcha, perdoe que lle diga destes 20 temas que ningún esta en marcha, nin solucionada nin nada, nin en vías de solución, entón non nos conten historias, e non nos falen de programación, vostedes a nós nos fálannos de programación, se lle damos o traballo feito dende a oposición, oposición máis construtiva non a hai en toda a provincia, máis ca do Concello de Barbadás, home por favor, dámoslle o traballo feito, enumerado punto número un, o pobo tal, todo detalladiño, e nin iso fan, non son capaces, 20 puntos e ningún está en marcha señor Alcalde, ningún está en marcha distes 20 puntos, e tamén lle quero dicir outra cousa tamén xa para rematar, mire señor Alcalde Santa Uxía existe.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por suposto

A sra. Morenza toma a palabra: Vivenlle alí, creo que agora menos de 30 persoas, 26 persoas creo que viven alí agora, exístelle, e non lle teñen colector de recollida selectiva, e a fonte está sen arranxar e as árbores pódanos como lles da a gana, non escoitan aos veciños á hora de realizar as podas, e hai unha depuradora que cheira mal no verán, cheira mal, non se soporta o olor, e hai un canastro ó lado da depuradora que debería ser restaurado ou tomarse algunha medida, porque é un canastro que conserva a estrutura, preocúpese polo Patrimonio, preocúpese polo Patrimonio, e non tanto polo chapapote, distes 20 puntos non hai ningún en marcha, ou sexa van a votar en contra das necesidades dunha parroquia enteira onde viven preto de dous mil persoas, moi ben.

A sra. González toma a palabra: A pesar de que non van a gobernar votan a favor o que lles interesa, e o que non lles interesa non votan a favor, ou sexa “móllase” entre comiñas, porque con un voto a vostedes non lle supón ningún tipo de compromiso votar a favor ou en contra porque fan o que lle dá a gana igual, pero votan a favor por exemplo do tema do Centro de Saúde e non son capaces de votar a favor dunha moción que o que fai é defender que se teñan en conta as parroquias do rural, o que fai é defender que se teñan en conta as parroquias do rural, en concreto Parada, Santa Uxía e Piñor, no caso da moción, pero que se pode estender ó resto das parroquias. Ben, en segundo lugar, home Chelo si estás descubrindo o rural, intenta descubrir tamén o idioma, entón eu case che diría que en eses novecentos e pico mil euros que se lle faga un cursiño para Chelo, para que adquira fluidez falando en galego, e que non se avergoñe do noso, porque está avergoñada do idioma galego, non sabe nin falar, unha persoa que é unha representante pública. Ben, e despois, a min gustaríame que se me delimitasen as funcións do señor Julio en Servizos Sociais, por que aquí dende que el está antes non se levaba nada pero cando menos nos orzamentos aparecía un oco pequeniño para violencia de xénero,



un fondo para violencia de xénero, dende que el está, nin iso, entón a que se dedica a abrir e pechar as portas do centro social de Piñor?, e ao que se dedica

O sr. Alcalde toma a palabra: Dedícase moitas máis cousas.

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Iso é obras e servizos sociais do Concello de Barbadás?, a abrir e pechar as portas do centro social de Piñor, e por iso cobrase 2.800 euros,

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Como???

A sra. González toma a palabra: Si, entro os 1.400 dela e 1.400 del.

O sr. Alcalde toma a palabra: Podes sumar o de toda a corporación, por sumar que non queden. Pois nada, sométemos o punto a votación, votas a favor, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos en contra do PP e os votos a favor do BNG e do PSdeG-PSOE o seguinte acordo: **“Moción do PSOE para solventar as carencias e necesidades que dende hai anos teñen Parada, Piñor, e Santa Uxía”**

8- MOCIÓN SOBRE O PASO A PERSOAL LABORAL INDEFINIDO DE 50 TRABALLADORAS/ES TEMPORAIS.

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai unha de unha de urxencia que era do BNG. Votamos entón a urxencia, votos a favor da urxencia, queda aprobada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo de goberno do Concello de Barbadás vén de recoñecer o paso a Persoal Laboral Indefinido de 50 traballadores/as que estaban traballando con contratos temporais. Este recoñecemento faise sen a oportuna información, transparencia e legalidade exixida.

O BNG denunciou sistemáticamente o sistema de acceso a un posto de traballo no concello de Barbadás, por consideralo contrario á lexislación por non respectar os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Agora, o PP de Barbadás pretende facer indefinidos no concello a 50 persoas pola prota de atrás, e a un mes das eleccións municipais.

A falta de informes técnicos, de xustificación xurídica e de transparencia no proceso lévanos a pensar que están conculcando os principios legais na contratación pública.



Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción do seguinte

ACORDO

1. Suspender o recoñecemento destas 50 persoas como Persoal Laboral Indefinido inmediatamente.
2. Solicitar dos servizos técnicos e xurídicos do concello e de quen sexa preciso asesoramento para estudar a situación creada polo grupo de goberno do PP na contratación de persoal.
3. Abrir unha comisión de investigación sobre a contratación de persoal no Concello de Barbadás.

O sr. Fírvida toma a palabra: Tamén dicir que é a primeira vez nesta lexislatura que aos grupos da oposición se nos acepta unha moción con carácter de urxencia, nunca se nos tiña aceptado, temos que meter as mocións con dez, quince días antes dos Plenos porque obrigan os servizos técnicos da Casa, o Alcalde elaborou un regulamento de funcionamento dos Plenos que nos limita as mocións a tres, e nunca se nos aceptou mocións de urxencia, esta é a primeira, polo tanto grazas señor Alcalde por aceptarnos hoxe que é a súa despedida, por primeira vez unha moción con carácter de urxencia do Bloque Nacionalista Galego. Pois o Bloque Nacionalista Galego quere denunciar o que está dende hai moito tempo sucedendo neste Concello que é o sistema de contratación de persoal, que é o seguinte: neste Concello está artellada unha estrutura de contratación que previo paso por persoal laboral temporal, persoal laboral indefinido, persoal laboral fixo, acaban todos sendo funcionarios, e curiosamente todo este persoal como veremos a continuación son todos persoas moi, moi achegadas ao Partido Popular, ou ben familiarmente ou ben por cuestións electorais. O sistema comeza coa contratación temporal, esta contratación temporal que o Bloque Nacionalista Galego denunciou todos os anos dende que estamos na oposición, xa os meus compañeiros e as miñas compañeiras de lexislaturas anteriores a estar eu nesta Corporación, xa o tiñan denunciado, consiste en, un tribunal que está formado por persoas afíns ó Partido Popular, persoas funcionarios e funcionarias que xa entraron con estes mesmos sistemas de contratación, funcionarios da Deputación Provincial de Ourense que son familiares directos de cargos do Partido Popular e neste Concello funcionarios e funcionarias tamén como esposas, sobriños, irmáns de cargos do Partido Popular, esas son as persoas que forman parte dos tribunais no Concello de Barbadás, eses tribunais son os mesmos cando un proceso é, para policía local, para un profesor de inglés, para un profesor de violín, para unha persoa de axuda no fogar, para un socorrista da piscina, ou para un profesor de clarinete, sabe absolutamente de todos, nós



Ile temos dito en algún Pleno, que moi atrevida é esta xente, atreverse a cualificar quen debe ser as persoas que teñen un posto de traballo no noso Concello, sabendo absolutamente de todo, porque eu non me atrevería, eu por incompetencia propia recoñezo non estou capacitado para valorar do que eu non sei, non me atrevería a participar nun proceso de selección, ademais é que estamos xogando coa vida das persoas, esta moción non pasaría a máis que outro caso de caciquismo do Partido Popular, de nepotismo do Partido Popular senón fose porque en Galiza hai máis de oitenta e cinco mil familias con risco de exclusión social, o 47% dos mozos e mozas galegas están no paro, hai máis de duascenas setenta mil persoas en Galiza no paro, e esas persoas coñecen, saben, que non teñen nin a máis mínima responsabilidade de traballar neste Concello, por moi preparadas que estean, por moitos estudos que teñan, e por moitas ganas de traballar que teñan, neste Concello ou pasas pola roda do Partido Popular ou non traballas, e iso é unha inxustiza social, e o Bloque Nacionalista Galego non vai a comulgar con rodas de muíño, e non o vamos consentir. Despois de ter entrado, por certo, proceso de baremación se es licenciado dánche 0,5 puntos, se es titular superior en galego administrativo dánche 0,5 puntos, pero nunha entrevista persoal na que está presente o tribunal que antes dixen dan dous puntos, que o 20% da nota final, entrevista persoal que se fan preguntas do estilo “¿ti por que queres traballar neste Concello?”, esas son as preguntas, ese é o nivel para traballar aquí. Unha vez que estas persoas forman parte dos traballadores temporais deste Concello, permanecen nestes contratos prorrogados no tempo, son contratos ás veces de doce meses, ás veces de seis meses, que se lle van prorrogando ata que pola demanda de catro traballadores inicialmente no ano 2012, se lle recoñece o seu paso a persoal laboral indefinido. O Bloque Nacionalista Galego solicitou información por activa e por pasiva, presentou preguntas e presentou solicitude de información, se nos entregou arrastras e malamente, pero fomos estudando esa documentación, por certo a última documentación non sei se o público asistente se deu conta se me entregou ó iniciar o Pleno.

O sr. García toma a palabra: E cando a pediches

O sr. Fírvida toma a palabra: O xoves da semana pasada

O sr. García toma a palabra: E o venres foi festivo, o sábado non se traballou e o domingo tampouco, por favor.

O sr. Fírvida toma a palabra: O Bloque Nacionalista Galego solicitou unha comisión, un Pleno extraordinario, dicíamos que convocábamos un Pleno extraordinario pola contratación de persoal por uns asuntos moi graves que estaban saíndo nos medios de comunicación, e naquela comisión solicitamos toda a información, e o señor Alcalde díxonos que se nos daba, e ese foi o condicionante



para que o Bloque Nacionalista Galego mirade como somos, non convocáramos Pleno extraordinario, que o podíamos ter feito en campaña electoral, o Bloque Nacionalista Galego se o PSOE nos apoiaba podía ter convocado un Pleno extraordinario e non o fixemos agardando a vosa información, pois mira non se nos entregou nada, se nos entregou relatorios de persoas e nada máis, pero é que máis cando o Bloque Nacionalista Galego denuncia isto nos medios de comunicación o 27 de abril, luns 27 de abril deste ano, vimos a un Pleno aquí onde hai sorteo das mesas, e aí si, aí si que se nos presenta un informe, e se nos presenta un informe o 27 de abril de 2015 se nos presenta un informe que está datado o 14 de febreiro de 2013. Este informe di primeiro que o Concello de Barbadás solicita asesoramento xurídico externo para emitir un informe sobre o paso de persoal laboral temporal a laboral indefinido, unha persoa David del Río emite un informe, pero a Secretaria en ese informe reconece que este persoal por este tempo traballado, como traballou máis de vintecatro meses nun período de trinta meses ten dereito a pasar a persoal laboral indefinido, pero a Secretaria detecta un erro na aplicación das normas, perfecto español, e nos di hai un erro e polo tanto este proceso de cómputo dos vintecatro meses queda suspendido pola Lei de sustentabilidade suspendía o período de cómputo deste tempo, ¿verdade?, entón como non se pode facer desa maneira a Secretaria segue emitindo informe, e di “en segundo lugar en vigor del 7 de julio del mismo año, queda excluído del cómputo del plazo de veinticuatro meses y del período de treinta que se refiere al artículo tal, polo tanto non se pode contratar”, é di, “por lo tanto y a modo de conclusión bastaría un decreto de convalidación del decreto anterior con el mismo contenido de reconocimiento de derecho a lo solicitado”, e lles reconece, é dicir, o que fai é extorsionar as leis ata que digan o que eles queren que diga, porque primeiro o informe é do asesor independente di que se pode contratar, a Secretaria di que non, que o informe está errado, pero despois o xustifica dicindo que “ y este es el punto de inflexión que nos lleva inexorablemente a una consecuencia para el caso concreto, si el citado trabajador desarrolla su labor como peón de parques y jardines, el mantenimiento de los mismos forma parte de la normal actividad de la administración, no se le contrata para la realización de un jardín determinado, ni por acumulación de tareas, ni para sustituir a otro trabajador, por lo tanto el párrafo tercero del artículo 15 del Estatuto de los trabajadores establece como consecuencia de esta conducta lo siguiente: se presumirá por tiempo indefinido los contratos celebrados en fraude de ley”. A señora Secretaria lle permite ó señor Alcalde contratar como persoal laboral indefinido, reconecer como persoal laboral indefinido a cincuenta persoas, porque os contratos están realizados en fraude de lei, esta é a xustificación final deste informe. Este informe é de febreiro no 2013, e refírese a catro



demandas que presentaron catro traballadores para o seu paso de temporal a persoal laboral indefinido, pois ben aqueles vinteun traballadores tamén por arte de maxia convértense ó longo do tempo en cincuenta traballadores, de vinteun pasan a cincuenta, vintenove máis, polo que nós cremos que hai unha prevaricación continuada no tempo para facer persoal laboral indefinido a todos os temporais contratados, non só antes do 2013 cando se emite este informe senón seguindo o ano 2013, porque se a señora Secretaria recoñece que isto hai que recoñecelo porque están en fraude de lei, porque non se paralizou entón a contratación temporal para polo de maneira que non exista fraude de lei e facer as cousas legais, por que, por que señor Alcalde, non o sabemos. A cuestión segue, un excandidato do Partido Popular denuncia nos medios de comunicación como se contrata neste Concello, e di el mesmo eu non o sei, teño que citarme ás súas palabras, di el mesmo que o señor Tenente de Alcalde é a persoa encargada de chamar por teléfono ós opositores agraciados polo Partido Popular no sorteo dun posto de traballo no Concello de Barbadás e lles pasa as preguntas, ese é polo visto o sistema que coñecen os que traballaron, os que tiveron relación con esta Casa, excandidato do Partido Popular, polo tanto actuouse con premeditación, con nocturnidade e con aleivosía, entrégasenos información terxiversada e manipulada, faise contratos en fraude de lei, continuados no tempo, e o que é máis grave nos orzamentos de Barbadás na relación de postos de traballo, figuran sesenta e dous traballadores temporais, a lei di que o Estatuto da función pública de 28 de abril di que os contratos que pasan de persoal temporal a persoal laboral indefinido teñen que ser citados eses postos de traballos na relación de postos de traballo do Concello, é dicir, que habería que ter unha modificación da RPT e incluír aí os traballadores que xa non só temporais e que son persoal laboral indefinido, sen embargo nos orzamentos de Barbadás do ano 2015 seguen figurando sesenta e dous traballadores como temporais, e non hai ningún persoal laboral indefinido, outro arte de maxia non aparecen por ningures, sen embargo xa teñen o recoñecemento xudicial de que son persoal laboral indefinido e quero citar un caso aínda grave, máis grave que isto, que é o que pasa ca gardería municipal. A gardería municipal inicialmente foi privatizada polo Partido Popular e dada a concesión a unha empresa privada que se chamaba Lazos, esta empresa privada contratou ás persoas que ían traballar nesa gardería, e estas persoas tamén por arte de maxia pasaron de ser persoal temporal contratado pola empresa, a ser persoal laboral indefinido do Concello de Barbadás, tamén contra a lexislación, porque hai lexislación que impide ese paso e incluso agora en abril deste ano aprobouse unha lei de emprego público que di que os cargos públicos que favorecen a través de contratacións ou encomendas a empresas privadas acaben tendo relación coa administración será sancionable, pero que



dicía o Partido Popular no ano 2012 cando a empresa Lazos se fixo cargo da gardería. Outra dúbida presentábamnos nós, é se os traballadores da empresa Lazos que pasan a ser traballadores do Concello pasan coa mesma categoría, pregúntome como é iso de que os traballadores dunha empresa pasen a ser do Concello sen un criterio obxectivo de selección, non pasaron ningunha proba de selección no Concello de Barbadás. Tamén expoñen que dende o ano 2008 ata agora hai oito traballadores novos na Escola infantil que agora pasan ó Concello, agora xa non son oito son catorce, contesta ó Alcalde, señor Freire Couto: nós temos que subrogar ó persoal porque é unha obriga legal, analizaremos se a xestión é viable que a levamos nós, e se é así haberá que facer un proceso de selección libre e regrado, a coordinación farase dende a Concellería correspondente xunto cos servizos técnicos do Concello. E finalmente respecto ás subas a nosa idea é non subir nada salvo que sexa por imperativo legal, e contesta Ánxela: respecto á política de persoal deste Concello o sistema é, dan traballos temporais que logo se amplían, e que logo se converten en indefinidos e os funcionarizan, isto é o que van facer coa escola infantil lazos, contratar a persoas, e que agora lles saen co rolo do concurso no que é imposible entrar polos méritos que acumulan os que xa estiveron traballando, e o señor Freire Couto di que estas persoas van a ter que pasar un proceso de selección se queren traballar no Concello, proceso que nunca, nunca, pasaron, igual que está en fraude de lei a contratada temporal da casa do Centro transfronteirizo de Barbadás, que encadeou contratos temporais sen someterse a procesos de selección, fixo un proceso de selección para un primeiro contrato temporal e nunca máis se lle renovou. Consecuencias de todas estas e cuestións que estamos enumerando pois son as seguintes, nestas cincuenta persoas que forman parte de contratos laborais indefinidos do Concello de Barbadás hai, unha exconcelleira do Partido Popular, dez apoderados, apoderadas, interventores nas mesas electorais do Partido Popular, tres candidatos ou ex candidatos do Partido Popular, un pai dunha Concelleira do Partido Popular, unha filla dun cargo do PP da Deputación de Ourense do Partido Popular, e unha muller dun ex candidato do Partido Popular, máis outras moitas persoas relacionadas co Partido Popular en outros Concellos da Provincia de Ourense. Polo tanto nós entendemos que como hai unha malversación, hai unha prevaricación continuada no tempo, unha clara intención de facer a cincuenta persoas afíns ó Partido Popular fixas neste Concello, nós vamos a poñer isto en coñecemento da fiscalía por se ten a ben abrir informes sobre o que está sucedendo, porque nós moito nos tememos tamén que isto é exactamente o mesmo que está pasando noutros Concellos da provincia de Ourense nomeadamente, en O Carballiño polo que outros señores, outros ex alcaldes están sendo imputados polas mesmas razóns polas que se está facendo a contratación laboral neste Concello, polo tanto se o



fiscal actuase coa mesma dilixencia coa que actúa en concellos por exemplo de Ourense, tería que aplicar a doutrina non só ó Alcalde de Barbadás, senón a toda a Xunta de Goberno, e imputar a toda a Xunta de Goberno do Partido Popular deste Concello, como está sucedendo no Concello de Ourense pola contratación dunha persoa, e aquí estamos falando de cincuenta persoas, é máis como nesta relación aparecen sesenta e dúas persoas, e moito me temos que aínda quedan doce persoas máis por seguir colocando.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.

A sra. Morenza toma a palabra: A política de persoal do Partido Popular xa é sobradamente coñecida, xa foi moi ben explicada polo compañeiro Fírvida, o esquema elle ben simple, vense repetindo dende hai moitas décadas, se es amigo, familiar, veciño, fillo, sobriño, marido, esposa de alguén do Partido Popular aínda que vivas fóra do Concello tamén tes cabida no saco nos ismos que aplica o Partido Popular onde goberna, favoritismo, enchufismo, amiguismo, trato de favor, hai moitas denominacións para definir a política clientelar do Partido Popular. O Partido Socialista xa ten criticado reiteradamente este tipo de políticas favorecedoras de amigos e familiares e mesmo fixemos propostas en positivo para modificar e mellorar as bases de contratación de persoal laboral fixo e temporal, en concreto o 22 de decembro de 2007, xa dixemos que o proceso de selección de persoal estaba a incumprir a lexislación vixente porque se realizaba unha política escurantista cando se trataba de cubrir prazas, xa que moitas das contratacións se facían pola vía de urxencia e escapaban ó control da oposición, e en 2007 en aras dunha política construtiva dende a oposición presentamos unhas bases, non sei se o Alcalde se lembra unhas bases de contratación alternativas máis obxectivas e máis limpas, pero como non, foron rexeitadas polo rodete do Partido Popular. O 9 de marzo o voceiro socialista Xosé Carlos Valcárcel pediu unha serie de documentación relacionada coas persoas que aprobaron procesos de selección a raíz da noticia aparecida nos medios de comunicación dun ex candidato que denunciaba sistemas un pouco escuros, chamémolo finamente, e pedimos unha relación que foi unha documentación que se nos entregou a todos os grupos, relación das persoas aprobadas, todo este dossier que temos aquí, cualificación obtida, relación das persoas que conformaron os tribunais, etc. Hoxe falamos do paso de temporais destas persoas a indefinidos, como vostedes coñecen todas as tretas legais, escúdanse en criterios de aforro, nos contaron vostedes, segunda a propia Secretaria todas estas persoas outórgaselles as categoría de indefinidos para aforrar custos, porque é caro acudir ós procesos xudiciais, e os xuíces e xuízas do social dánlle a razón ó traballador nestes casos, iso é o que nos dixeron, é dicir, cando un traballador ou traballadora acumula contratos



de tres anos na mesma administración como di a lei ten dereito a solicitar ser persoal indefinido, pero todo este proceso ten a súa trampa, porque se son os seus os que de xeito continuado son contratados por eses lapsus de tres anos sempre se benefician os que vostedes xa promocionaron anteriormente, se levan tres anos traballando é porque vostede xa lle deron, xa lle abriron as portas, xa lle deron a posibilidade de traballar, isto chámase favoritismo con maiúsculas. A maioría destes traballadores pónselle ponte de prata para que entren a formar parte do cadro de persoal do Concello de Barbadás coa conivencia dos gobernantes do Partido Popular, non só coa conivencia senón co empuxe poderíamos dicir, que sempre se escudan en criterios técnicos, cando non lles interesa para facer as cousas, cando lles interesa e para non facelas cando non poden obter o rendemento político agardado. Vostedes señores Concelleiros do Partido Popular dan cobertura legal á política do ismos, e tiveron un gran mestres, que durante vinteoito anos colocou ou situou ós máis amiguiños para cobrarlle o favor ben caro, case máis caro que unha hipoteca de por vida. A política clientelar escribiu hoxe non, senón ó longo dos últimos anos capítulos para colocar ben colocados ós adláteres do Partido Popular. Hoxe falamos de cincuenta persoas, pero son moitos, moitos máis que irán aparecendo nos vindeiros meses, iso está asegurado, legalmente é correcto, ese é o seu argumento, nós non estamos de acordo, pero todo isto estivo moi pensado porque vostedes encadearon contratos a persoas determinadas para que sumaran e lle deran as contas para ser persoal indefinido, sabemos señor Alcalde que vinteoito anos lle deron a vostede para moito.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, como se falou de todo menos dos acordos da moción, eu o que lle teño que dicir xenericamente, e despois pasaremos os acordos da moción. En primeiro lugar os que pasaron a indefinidos, pasaron loxicamente como vostede ben sabe, e lle consta aí por uns motivos moi concretos, en primeiro lugar solicitaron eles a indefinición en base a unhas sentencias que había e llas recoñeceron xudicialmente, cumprían os requisitos, e como cumprían os requisitos o único que se fixo foi previos informes técnicos, recoñecerllos, recoñecerlles o dereito que lle correspondía, esa é a cuestión. En segundo lugar falan de que non están na RPT, vamos a ver hai un tema que se chama o cadro na que si consta nos orzamentos, vostede sábeo perfectamente, a RPT neste caso concreto non se fixo, pero está no cadro que se elaborou cando se elaborou o presuposto. En segundo lugar, todos os servizos que están en marcha como a gardería do que vostede fala, había que seguir, tiña que seguir funcionando, é un servizo básico, e é un servizo público, todo este persoal, terá que sufrir no se momento cando permitan cubrir as prazas, que hoxe non o permite a lexislación como vostede ben sabe, neste momento non permite a lexislación crear prazas novas, o día que se



creen, e se poidan cubrir, eses señores terán loxicamente sufrir un exame, e a raíz de aí serán fixos ou se irán para casa, pero nada máis ca iso, pero ata chegar a ese momento son indefinidos por lei, porque cumpren os requisitos, simple e llanamente, pero non son funcionarios neste Concello de momento, e dicir que todos os decretos que se asinaron de indefinición reiterando, foron porque cumprían os requisitos en primeiro lugar, e en segundo lugar en base sempre, en base a uns criterios técnicos, non a un criterio político independentemente que fosen fillos ou netos de quen fosen, iso nunca se mirou nin se vai a mirar, iso é o que teño que dicir. E con relación ós puntos do acordo que ten tres, exceptuando o primeiro porque aí si que estaríamos prevaricando, que di, suspender o recoñecemento das cincuenta persoas que se decretaron persoal laboral indefinido, non podemos sacarlle un dereito que lle corresponde, se se puidera e se fora legal, se podería estudar, pero non é o caso, porque entón si que estaríamos prevaricando, en este caso concreto e segundo o informe loxicamente dos técnicos. Os outros dos puntos, solicitar dos servizos técnicos xurídicos do Concello que lle pasen todos os informes, xa os teñen, non hai ningún problema, o terceiro punto, abrir unha comisión de investigación, non hai ningún problema, é que máis investigación da que se está facendo, ou dos puntos sen ningún problema, o primeiro, revocar algo que non se pode revocar dende o punto de vista legal non o podemos facer, entón iso é o que lle pododo dicir, se vostede quere someter os acordos conxuntos temos que votar en contra, se quere sometelos punto por punto, os dous puntos nós votámoslle a favor pero no lle votamos por imperativo legal.

O sr. Fírvida toma a palabra: Di ó señor Freire Couto que hai uns motivos para nomear a estas persoas, persoal laboral indefinido, si, si que os hai, gañar as eleccións, meter ós enchufados familiares directos de vostedes, amigos, parentes e axentes electorais, ese é o motivo claro que o hai, ese é o motivo, está claro, por iso nós o estamos denunciando, e o estamos denunciando porque máis de trescentos mil mozos e mozas tiveron que emigrar deste País por falta de oportunidades laborais neste Concello, ou neste País, e tivéronse que ir a traballar fóra para recibir inxustizas como os emigrantes retornados, pois por iso estamos aquí para denunciálo. Despois fala dos requisitos, os requisitos para entrar como traballadores temporais foron requisitos creados por vostedes mesmos a mantenta para introducir neste sistema aos seus favoritos despois sabendo xa dende o ano 2012 pola reclamación de catro persoas que estes contratos temporais encadeados ían acabar sendo persoal laboral indefinido, en base a un informe da Secretaria que recolle que son contratos realizados en fraude de lei, vostedes permitiron dende o ano 2012 continuar con este sistema de contratación ata abril do ano 2015, polo tanto hai unha clara intencionalidade por parte de vostede en seguir con un



proceso de selección que favoreza a esas persoas encadeándolle contratos temporais para convertelos en persoal laboral indefinido, está moi claro branco sobre negro, é máis di vostede que este persoal laboral indefinido non son fixos, ata aí podemos chegar, xa o sabemos, non fai falla que nolo diga vostede, pero tamén seguindo co mesmo proceso que usa o Partido Popular, todos sabemos que sucede despois coas oposicións neste Concello, convócanse unha praza para funcionario no Concello de Barbadás, ou convócase unha praza para persoal laboral fixo no Concello de Barbadás, onde sobre unha puntuación de dez puntos puntúa o tempo traballado neste Concello, o que non podemos é vir aquí a discutir sobre as obviedades que vostedes escriben nos papeis, entón houbo durante moitos anos que neste Concellos se cualificaba no apartado de baremación o tempo traballado puntuábase 0,25, non sei se eran, supoño que serían os anos traballados na administración pública, e 0,5 os anos traballados no Concello de Barbadás, era así, e cambiou. Entón cambiouse e agora puntúa o mesmo traballar nunha administración pública que non Concello de Barbadás, pero claro un mozo, unha moza que non puidera entrar nun contrato temporal do Concello porque non teña relación co PP non vai ter tempo acumulado na administración local, un mozo ou unha moza que non pasara a ser persoal laboral indefinido neste Concello coa manganha que vostedes están utilizando hoxe non ten tempo acumulado na administración local, e polo tanto os seus enchufados van acceder a esas prazas de persoal laboral fixo ou de funcionarios, é como aquel que vaia a unha carreira de 100 m e os seus saen no metro 50, si, é así, que os criterios de baremación facédelos vós, non nós, non a oposición, o tribunal noméadelo vós non nós, e o sistema de selección usádelo, non, non pasa en tódolos lados, non é certo, pero aínda non acabei, e di o señor Freire Couto que non se pode revogar unha decisión, pois estúdeo, estúdeo ben se non se pode facer, porque a Lei de procedemento administrativo común di “ existe a figura de revisión de oficio dos propios actos xurídicos que podería ser de aplicación neste caso, si, si, hai esa figura de revisión de oficio dos actos xurídicos, si se contempla que se actuou en fraude de lei, ou que pode haber problemas coa lexislación, estude ese caso se non se pode facer. O Bloque Nacionalista Galego non vai cambiar ningún dos acordos que sometemos a aprobación neste Pleno, esta é a moción do BNG e isto é o que vimos a recoller nós, e este é o proceso que utiliza o Partido Popular para facer a estas persoas, persoal laboral indefinido como paso intermedio para despois facelos definitivos, que van a ser sesenta e dous, por certo, é di o señor Freire Couto que está recollido na RPT, nos orzamentos, no cadro, quero que me diga a páxina, non está, quero que mo diga porque eu teño aquí isto e quero que mo diga,s e vostede di unha cousa quero que me diga en que páxina, porque eu llo digo, esta é a páxina, anexo de persoal, apartado 3, persoal laboral temporal, e



antes desta páxina está, persoal laboral fixo, e despois está interinos, hai cinco interinos, e nada máis, xa non hai máis, acabouse, investimentos, non hai máis, onde está señor Freire Couto, onde está señor Freire Couto o que vostede dixo na prensa que o paso de temporais a laborais se facía por acordo nos Plenos, ou nas Xuntas de Goberno, mentiu, mentiu na prensa, porque vostede dixo iso, saíu nos medios, e isto recóllese en resolucións de alcaldía, resolucións de alcaldía que non pasan nin por Pleno, nin por Xunta de Goberno, son decisións autoritarias, si porque o decide vostede.

O sr. Alcalde toma a palabra: O único que se fai é darlle trámite con un informe técnico que é o que avala toda a decisión esa.

O sr. Fírvida toma a palabra: Non se escude detrás dos informes técnicos vostede tamén o di, a Lei do empregado público, vostede é tan responsable como os técnicos do Concello se se está actuando en fraude de lei, os representantes políticos teñen a mesma responsabilidade sobre os actos xurídicos que aproban como os técnicos que puideran emitir informes, non vai quedar vostede exento de responsabilidade, nestes contratos temporais que se estiveron facendo encadeadamente en fraude de lei, como se recolle nun informe elaborado pola Secretaría deste Concello no 2013, é que ten que ler vostede os informes, que emiten os seus funcionario, eu si que os leo, en fraude de lei para facer agora persoal laboral indefinido a cincuenta persoas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Mire voulle dicir unha cousa a modo de conclusión, o que se fixo aquí, fíxose en Concellos exactamente igual que vostedes gobernan por exemplo un que é próximo en Allariz, no 2012 se pasaron igual que se fixo aquí agora dezaioito ou vinte, eu non teño porque denunciar nada porque me parece que se fixo legalmente. En todo caso aquí o que se fixo foi con informes técnicos previo asesoramento da Secretaria que é a técnica neste caso responsable de persoal, e nada máis. Entón nós a moción se evitamos o primeiro punto votámoslle a favor, senón votámoslle en contra, non nos queda outra, non vamos a votar a favor de algo que sabemos que é ilegal.

A sra. Morenza toma a palabra: Eu quería que o Alcalde me explicara porque se fai unha selección de persoal no polideportivo, e non se fixo na gardería porque vostede poñía de exemplo o proceso de selección de persoal.

O sr. Alcalde toma a palabra: A gardería era un servizo que estaba funcionando, a aí era un servizo novo que se puxo en marcha.

A sra. Morenza toma a palabra: Vostede fala de que estas persoas cumpren os requisitos, cumpren os requisitos porque previamente facilitáronlle o acceso a través destas bases feitas a medida que no ano 2007 aínda estaban en vigor, no ano 2007 cando o Partido Socialista presentou unhas bases



alternativas aínda estaban en vigor as bases nas que si se premiaba haber traballado no Concello de Barbadás, vostedes sempre fixeron unhas bases á medida dos traballadores que podían entrar, favorecendo sempre, entón claro esas persoas que levan traballado ese tempo cumpren os requisitos, claro que os cumpren, pero o que está claro é que se vostedes fan unha normativa para favorecer ós seus, ós seus primos, amigos e demais familia, e claro é normal que logo esas persoas se convertan en indefinidos, que sexan case todos da mesma familia, claro que si.

O sr. Alcalde toma a palabra: Mire as bases todas que se aplicaron para calquera proceso selectivo foron previamente aprobadas nun Pleno, iso está claro. Pero vamos a ver, cos votos do equipo de goberno, pero vostedes leron en algún sitio que se aprobaran unhas bases cos votos da oposición. Eu entendo que está feito o debate non podemos votar a favor. Votos a favor da moción, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos en contra do Partido Popular e os votos a favor do PSdeG-PSOE e o BNG o seguinte acordo: “ **Moción do BNG sobre o paso de persoal laboral indefinido de 50 traballadores/as temporais**”

8.- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Valcárcel toma a palabra: Primeira cuestión, o outro día no pasado Pleno extraordinario preguntei, e non mo quixeron recoller en acta, ¿vale?, pode ser legal así, en relación ao calculo legal sobre a previsión de ingresos por IBI, volvo a insistir porque quero que conste en acta, non é por outra razón, lamento ser pesado, pero é o meu traballo. Está previsto, que o imposto bens inmobles no ano 2015 sexa de un millón novecientos vintecinco mil euro, pero para o ano 2016 a recadación ascende a dous millóns novecientos quince mil, é dicir, setecentos mil euros máis, para o ano 2017 dous millóns setecentos corenta mil euros, e para o ano 2018 dous millóns setecentos cincuenta mil euros, como argumentei naquel momento e vostedes me querían facer ver, queríanme facer comulgar con rodas de muíños, eu creo que isto se debe facer con un calculo real, si este dato non é correcto, que non se contemple, pero vostedes queren dar a entender, entre outros o señor Do Olmo dixo que incrementara o número de fincas censadas ou rexistradas en 400, pois en Barbadás creo recordar que hai 14.000 fincas, había 14.000 fincas cando se elaborou o catastro, polo tanto o incremento de 400 fincas ou de 500 fincas ou de 1.000 Manolo, ou de 1.000, non poden supor un incremento de 900.000 euros de recadación, é dicir o 50% do adicional, é imposible, pero , a min gustárame feita esta exposición, que os cálculos e as previsións que se fan, de recadación para este Concello, sexan realistas, sexan



realistas, porque despois aparécenos os remanentes de tesourería, aparecen os contos da becerra, aparecen os contos da becerra, ou hai algún engano en algún tema, e volvo dicir respecto plenamente o traballo da señora Secretaría que me creo que é moi considerable, pero o traballo dos señores que ingresan diñeiro, que cobran dos petos do veciños e veciñas, ten que ser o de supervisar, ou de opinar, ou de opinar, porque ela mesma aquí recoñeceu, ela mesma aquí recoñeceu que estes números se poñían en común entre os grupos da oposición que estaba disposto a modificalos, e si vostedes lle marcaban unha pauta que tamén, pero vexo que vostedes non marcan pautas, xa está.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ben, ¿quere que lle responda?

O sr. Valcárcel toma a palabra: Si por favor, para iso lle pregunto.

O sr. Alcalde toma a palabra: En primeiro lugar vostede mesmo xa está dando a resposta, e no Pleno de hoxe se pode ver, é dicir, estamos tratando de evitar que chegue ó final de ano un remanente de tesourería como é o caso deste ano de case un millón de euros, porque se prevé menos ingresos, do que realmente despois se ingresa, esa é unha delas, ¿vale? esa é unha resposta creo eu máis que contundente, iso por un lado. Por outro lado é certo o que dixo o Señor Do Olmo, estase aínda co cálculo, 500 actas xa as firmei eu fai catro ou cinco meses, e o traballo segue, e o traballo segue, vale, entón iso por un lado, por outro lado, isto é unha previsión que esixe o goberno a catro anos que se pode modificar, ¿por que non?, pero se a facemos menos ambiciosa, se este ano chegamos a final de ano con un superávit de novecentos mil euros, para o ano podemos chegar con un superávit de millón e medio, e despois o gran problema do superávit, do remanente de tesourería dito sexa de paso, é que como estamos vendo e vemos hoxe neste Pleno, queda limitado totalmente para unha serie de cousas que non se pode gastar no presuposto como se quere, si se contempla no presuposto se pode facer pensando nesa recadación, e iso é a filosofía que se lle aplicou a isto.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Perdón, ¿cal é a desviación que vai a ver en relación ao presuposto do ano 2015 no IBI? ¿Cal é a previsión? porque algunha previsión haberá para poder poñer o ano que ven dous millóns seiscientos quince mil euros, ou ¿canto houbo o ano pasado de desviación?

O sr. Alcalde toma a palabra: Case trescentos mil euros, pero é que para o ano, coas novas altas do IBI vai haber posiblemente iso, pero en todo caso isto é unha previsión, que non pasa nada, que se pode cambiar cando se queira, isto é que, había que mandarlle este dato ao Goberno Central e se lle mandou este. Como dicía o outro día a Interventora, e tiña razón, ela non ten a bola de cristal, e non sabe si vai a ser un millón novecentos ou se vai a ser un millón cincocentos, se van ser dou millóns, pero amparándose, amparándose, nas circunstancias que coincide que é que estamos actualizando o



censo catastral e que todos os anos hai un remanente de tesourería moi importante, pois o que se pretende é pois que non haxa ise remanente de tesourería, e que se pode facer un presuposto máis axeitado a realidade, ¿non é así?

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vólvolle a insistir ao Tenente Alcalde pola situación da rúa Salgueiriños, daquel local no que se abriu unha porta, e que hai unha rampla e que xa hai dous meses, vostede se comprometeu a que habería un informe definitivo en breve, transcorreron dous meses e aínda non sabemos nada.

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Xa lle mandaron a reposición.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Entón hai que repoñer hai que quitar a rampla.

O sr. García toma a palabra: Quitar a rampla, pódese legalizar parece ser, pero hai que adaptar todo o xardín, hai que facer unha remodelación no xardín.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero entón pregunto, sigo insistindo, ¿quen ten que facer a remodelación do xardín,? Porque..., teno que pagar o afectado, ou sexa primeiro fixo sen legalizar, ou sexa sen autorización a rampla.

O sr. García toma a palabra: Vamos a ver, el pediu para abrir a porta, entón ó abrir a porta fixo a rampla.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero eu preguntei outra cousa, eu preguntei ¿se o fixo legalmente?

O sr. García toma a palabra: Non, a rampla non, por iso agora mandáronlle a reposición de legalidade.

O sr. Valcárcel toma a palabra: A reposición de legalidade que é ¿demoler ou legalizalo?

O sr. García toma a palabra: Legalizala

O sr. Valcárcel toma a palabra: E a legalización ¿en que consiste?

O sr. García toma a palabra: Non llo estou dicindo, en arranxar todo para que non haxa chanzo.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Ou sexa elevar a zona verde ata poñelo a nivel da rampla.

O sr. García toma a palabra: Mellorar a zona verde.

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿Cal é a situación do museo da música? porque hai tres ou catro anos que se lle cedeu á Deputación e creo que segue igual, ou sexa alí non hai nada, ¿hai museo da música alí para ó que se lle cedeu?, para o uso que se lle cedeu a Deputación, ¿hai alí algún museo?

O sr. Alcalde toma a palabra: Hai obradoiro de instrumentos musicais, está un señor aí que paga a Deputación, que se dedica a iso.

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿ Ocupa todo o local?



O sr. Alcalde toma a palabra: Ocupa o local do museo, el está facendo instrumentos musicais para a Deputación e algún estase quedando alí

O sr. Valcárcel toma a palabra: ¿Pero precisa para iso todo o local?

O sr. Alcalde toma a palabra: O que é o obradoiro, é unha das partes do edificio, o resto está coas instalacións.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Teño entendido que se lle está dicindo aos empregados do lixo, aos empregados do servizo de limpeza que si entran a gobernar os que actualmente estamos na oposición poden perder o seu posto de traballo,

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu nunca oín iso.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pois eu oíno, e oíno de persoas do entorno, de persoas do entorno, familiares ou achegados ou empregados mesmos, pois iso é o que din, e diso a señora Mirian o saberá porque o seu irmán estivo contratado alí, no servizo de limpeza, hai que dicir aquí todo, o irmán da señora Miriam foi contratado polo servizo de limpeza, non sei con que medios, ou modos, entón ás veces hai que estar un pouquiño calados, para que non che digan algo.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero vamos a ver en que estamos, queren que fale por un lado e por outro queren que calen.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Volvo a insistir que quede constancia en acta por favor de que se a oposición goberna este Concello non vai a ver ningunha modificación nos empregados do servizo de lixo, que non se lles vaia votar fóra.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero iso é de sentido común

O sr. Valcárcel toma a palabra: É de sentido común pero que conste en acta, nós sabémolo pero a xente de ese entorno non o sabe, estase ameazando con iso.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero por favor, por favor, que conste en acta, máis preguntas

O sr. Fírvida toma a palabra: Nas Dacións de contas da Alcaldía, ven que o Concello paga ós árbitros da Unión Deportiva Barbadás, a Unión Deportiva Barbadás nós tiñamos entendido que era un club de fútbol, pois independente. A ver repito, o Concello de Barbadás, da subvencións á Unión Deportivo Barbadás, xa o sabemos, agora o Concello de Barbadás paga aos árbitros dos partidos da Unión Deportivo Barbadás,

O sr. Alcalde toma a palabra: Con cargo á subvención

O sr. Fírvida toma a palabra: Non, no sitio non pon iso, nas Dacións de contas da Alcaldía non pon iso, pon que o Concello paga ós árbitros, unha cousa son as subvención a todas as asociacións que hai



neste Concello, as subvencións que se dan a todas estas asociacións neste Concello o gasto se executa á asociación correspondente, e trae as facturas para cobrar a subvención, o que ven sempre nas Dación de contas da Alcaldía é, o Concello de Barbadás transfíre unha subvención a tal asociación, aínda veñen este mes varias, veñen varias non, non estou falando diso, estou falando de que o Concello, Barbadás pagou ós árbitros dos partidos da Unión Deportiva Barbadás, porque tamén ven nas Dacións de contas deste trimestre, entón eu pregunto, se ademais dos 18.000 euros que lle da o Concello de Barbadás de subvención, se tamén lle está pagando ós árbitros, e tamén pregunto se o Concello de Barbadás porque non lle paga aos árbitros do resto das asociacións deportivas que hai no Concello, Pois Manolo ven aí, xa está ben home, xa está ben de que esteas por detrás rosmando cando eu estou dicindo unha cousa que ven aquí, e eu dígoche que ven aquí, que mo pasastes vos,

O sr. García toma a palabra: Déixame falar, pode vira aí, pero iso é con cargo á subvención e non pode estar ben,

O sr. Fírvida toma a palabra: Que non ven a cargo da subvención, que non é da subvención de Barbadás que iso xa llo destes, unha cousa é que o Barbadás suba facturas e cobre a subvención e outra cousa é que lle paguedes os árbitros

O sr. Alcalde toma a palabra: A parte non habería con que pagarlle tampouco, hai que supervisalo e senón contrásteo coa interventora, non pasa nada.

O sr. Fírvida toma a palabra: Pregunto, pregunto se ¿lle pagades aos árbitros da Unión Deportiva Barbadás?

O sr. García toma a palabra: Que non

O sr. Fírvida toma a palabra: Entón ¿por que está na dación de Alcaldía?, pois mirádeo, por que se non pagádelle aos árbitros a todos os Clubs

O sr. Alcalde toma a palabra: Haberá que supervisalo, pero non é momento agora de poñerse a mirar agora aquí unha factura, ¿que máis preguntas hai?

A sra. González toma a palabra: Eu teño unha máis, vamos a ver, eu quero saber cal é a situación exacta hoxe do tema do Cuartel, ¿que se está facendo?, ¿si se abriu expediente? ¿en que situación está?, e ¿que medidas se van a tomar a curto prazo?

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver estivo aquí, concretamente a propietaria maior, a que ten o maior porcentaxe, e se falou con ela para cedelo, e unha vez que o ceda teremos que proceder a dúas cousas

A sra. González toma a palabra: ¿A cedelo como o cederon os anteriores que cederon?



O sr. Alcalde toma a palabra: Non, documentalmente ante notario, xa entregou aquí os papeis,

O sr. García toma a palabra: Aínda non, quedou de traelos

O sr. Alcalde toma a palabra: E unha vez que o ceda, teremos que proceder ben sexa a retirar os escombros ou a eliminar o perigo, en principio a eliminar o perigo.

A sra. González toma a palabra: A eliminar o perigo, pero ¿van a tirar o final o Cuartel?

O sr. Alcalde toma a palabra: Si

A sra. González toma a palabra: E recollerase ¿para que? Para zona verde de uso público, ¿para que exactamente? ¿Para unha praza?

O sr. García toma a palabra: É para o que a cede, para unha praza pública

A sra. González toma a palabra: Vale, e co resto dos propietarios descoñecidos que teñen partes pequenas no mesmo, ¿que van a facer?

O sr. García toma a palabra: Os descoñecidos, creo que quedan, porque os outros o Isidro, o Amancio, todos eses xa fixeron unha cesión,

A sra. González toma a palabra: ¿Cando fixeron unha cesión?

O sr. García toma a palabra: Hai uns cantos anos xa

A sra. González toma a palabra: Si, viñeron aquí a cédelo e non llo deixaches firmar, non o firmaron

O sr. García toma a palabra: Eles si, eles firmaron a cesión

A sra. González toma a palabra: ¿Quen? ¿Eles que son eles?

O sr. García toma a palabra: Pois o Isidro

A sra. González toma a palabra: Ou sexa que hai unha parte que firmou a cesión e outra parte, é que neste Concello fanse as cousas dunha maneira, hai unha parte que veu a firmar a cesión e firmouna, e outra parte que veu a firmar a cesión e non lla deixaches firmar

O sr. García toma a palabra: Eu non sei, eu non estou enterado diso,

O sr. Alcalde toma a palabra: Que viñeran aquí a firmar e non se lle deixara, que eu saiba, non me consta.

O sr. García toma a palabra: ¿Dime quen?

A sra. González toma a palabra: Como que che diga quen, eu non estaba aquí. Vamos a ver, aquí o outro día, e ademais aquí tedes recoñecido moitas veces nos Plenos, que cando eu vos dixen, vamos a ver, en moitas ocasións, vamos a ver hai unha parte de propietarios que viñeron aquí a facer unha cesión, sempre, sempre o señor Alcalde me contestou: “si pero non a firmaron, si pero non a



firmaron”. Fun o outro día a falar co técnico e entón dígolle pero eses que viñeron a facer a sesión parece ser que non a firmaron, non é que se non está firmado, entón

O sr. García toma a palabra: ¿Pero quen non firmou?

A sra. González toma a palabra: Pero imos a ver, ¿eu pregunto quen firmou?, e se houbo un trato diferenciado de uns que firmaron e de outros que firmaron e porque

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, a primeira negociación que houbo, que algún xa faleceu, vivía o Mario ¿vale? Entón tanto o Mario como unha irmá de Barcelona, daquelas

O sr. Tenente Alcalde toma a palabra: O Amancio e a familia do Amancio, e algunha familia máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Aquel grupo firmou para tiralo, hai que buscar no expediente que ten que estar o firma, porque eles habían firmado nese sentido, que lle cedían o Concello, pero claro que ocorreu, cedían pero non había documentalmente o papel de propiedade, entón aquí non se poida seguir o trámite, porque á hora de ir ao notario tes que ter un documento de propiedade. O trámite ese, quedou así desa maneira e por ese motivo, despois seguiu, porque isto tivo un proceso largo, houbo máis reclamacións, se falara despois tamén coa propietaria maior, que era a filla do Cesar, a Lucía, que en un principio se ía a chegar a un acordo, para ceder aquilo, sempre e cando quedara para unha praza pública. Xa tiñamos falado incluso cun empresario para quitar a pedra, incluso quitaba, é moi custoso quitar alí a pedra como todos sabemos, entón aquel empresario, que non

A sra. González toma a palabra: Levaba o empresario a pedra gratuitamente, non se utilizaba a pedra para empedrar a zona

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, aquilo non vale para iso, para empedrar a zona, esa zona

A sra. González toma a palabra: Non daba nada a cambio o empresario, por exemplo ¿empedrar a zona?

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, habería un presuposto importante que de feito agora mesmo tería que repercutirlle a propietaria, si se chegara a facer algunha obra, porque é a propietaria da zona, e alí é moi custoso aquilo, e naquel momento a propietaria estaba de acordo, pero despois xurdiu a historia de que si algúns propietarios preferían que se fixera alí, que se rehabilitara, que se fixera alí un centro, entón quedou así a cousa, loxicamente, a señora dixera que o cedía para un parque, que ela non quería saber nada de rehabilitación nin facer nada por o estilo, o Concello para rehabilitar aquilo hoxe por hoxe é inviable economicamente, porque sería unha cousa moi custosa, e quedou así, ata agora que se volveu a retomar o tema porque houbo outra denuncia dos veciños, naquel momento eliminouse o perigo que había, sacouse un balcón que había alí, sacouse todo o que



había de perigo naquel momento, agora parece que volve a haber perigo e retomamos o tema, falamos ca Lucía neste caso, veu aquí e dixo eu non quero saber nada, eu cédollo ao Concello pero eu non quero saber nada, pois trae o documento e estamos esperando que o traía para facelo,

A sra. González toma a palabra: Para facer a cesión desa parte vale, ¿Pero sabedes que hai outras partes que non son desa señora?

O sr. García toma a palabra: Si, xa se lles enviou unha carta

O sr. Alcalde toma a palabra: As quen non se localicen publicaranse no Boletín Oficial do Estado, ou se irá a unha expropiación, anunciando publicamente a expropiación

A sra. González toma a palabra: E isto facédelo agora, despois de 28 anos no goberno, e cando eu e as que me antecederon a min, levan todo este tempo, dende o 95 que o BNG ten aquí representación, solicitando iso, a día de hoxe non existiría ese problema, si señor

O sr. García toma a palabra: Solicitando que o rehabilitaran

A sra. González toma a palabra: Solicitando que se solucionase o problema, si señor, e a solución pasaba pola vía da expropiación, xa volo dixemos de aquela, agora decidídelo facer agora, a ver si dentro de 10 anos está.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ¿algunha pregunta máis?

A sra. González toma a palabra: Si, algunha máis, eu quero saber canto custou pintar as Lamas, e despintala, e pintala de negro e gris

O sr. Alcalde toma a palabra: Neste momento non teño nin idea

A sra. González toma a palabra: Eu quero saber un número canto valeu, ¿canto vos facturou a empresa esa por pintar e despintar?

O sr. García toma a palabra: Pero é que entre esas obras ían moitas máis.

A sra. González toma a palabra: Pero si que cobra o feísmo que deixaches alí, porque agora hai unha zona amarela, unha zona negra, e unha zona gris, pero o caso é que o señor que non quere que se lle aparque o coche diante non puxo vao, é dicir, pagámoslle todos os veciños unha necesidade ilusoria del, porque é ilusoria, sinceramente e vós coñecedes á persoa, e sabedes que é unha necesidade ilusoria del, que nesa praza, en concreto, en concreto en As Lamas, alí de diante, todos nos coñecemos porque hai catro casas que a rodean, que somos os que aparcamos alí, e que si nos fan pi, baixamos e cambiamos o coche de sitio, de xeito inmediato, eu de feito nalgunha ocasión ás 5 da mañá, o sexa que mira ti, entón eu pídovos que sexades responsables, que despintedes todas as zonas amarelas que quedaron pintadas, que non creedes efectivamente división veciñal, e que o señor ese se



ten tanta necesidade de poñer un vao que o poña

O sr. García toma a palabra: Pero división vaise facer dunha forma ou outra

A sra. González toma a palabra: Non, de ningunha maneira, de ningunha maneira

O sr. García toma a palabra: Mira hai moita xente que está encantada co da pintura

A sra. González toma a palabra: Encantadísima si, mañá vouche pintar diante da túa casa a ver si che gusta

O sr. García toma a palabra: Si porque comigo faloron e hai moita xente que está encantada, por iso che digo a división vai a ser igual, porque hai moita xente que está encantada, de verdade

A sra. González toma a palabra: Vamos a ver, ese señor ten que poñer un vao si ou non, a xente da Valenzá, primeiro é unha aldea, imos a partir dunha base, é unha aldea, polo tanto iso non procede, non procede pintar de raias amarelas, asfalto sobre asfalto enterramos a capela, porque a capela xa está media enterrada dende cando eu era nena, capa asfáltica sobre capa asfáltica, despois poñemos unha sinal de tráfico xusto diante do cruceiro, é patrimonio, e agora pintades de amarelo o pobo, non procede, non procede, iso non se ve en ningún sitio, solo no cosmopepaletismo, no paletismo absoluto que tendes dende o Partido Popular, iso é o que facedes, e despois, agora deixan unha zona con zona amarela e unha zona gris e negra, pero o señor o vao non o paga, que é a solución ideal para que non se lle aparque alí, porque si efectivamente o señor paga un vao, eu non aparco alí adiante, se o señor paga un vao, aquí hai que tratar a todo o mundo por igual, a todo o mundo por igual e non facer as cousas ao chou, como estades facendo. Seguinte pregunta, imos a ver hai unha escola de Kun Fu, nas escolas deportivas. Y esa escola de Kun Fun ¿ por que seguen adestrando no Filomena Dato e non pasa ao Polideportivo?

A sra. Vispo toma a palabra: Porque quixeron eles seguir alí

A sra. González toma a palabra: Non, sabes cal é a razón que me deron varias persoas que teñen as seus fillos nas Escolas Deportivas de Kung Fu, que se revelaron, que non quixeron facer unha serie de compras e que entón ese é o castigo que están recibindo, así de claro mo dixeron, é máis chamáronme por teléfono para dicirme, vamos a ver, se les mando comprar un chandal de no se que, una camiseta de no se cuanto, se lles mandou comprar unhas cousas que ascendía a unha cantidade, pois que non estaban dispostos a comprar, para promocionar o Concello de Barbadás que leva aquí, ademais se lle manda comprar ao parecer nun sitio determinado, non é así, entón a min que me digan iso como se chama, iso de que unha persoa pública como es ti, se lle mande comprar nun sitio determinado, ou sexa un nun sitio determinado, privado, é dicir é desviar directamente, entón como son de Kung Fu,e



teñen o seu Kimono e as súas cousas se negaron, e ademais se negaron en firme e fixeron barullo, e entón todas as escolas deportivas están adestrando no Polideportivo, parece ser menos a de Kung Fu, todas están nunhas instalacións novas, axeitadas, que ademais puxéronlle moi ben as instalacións pero todos menos eles, entón a ver cal é a razón

A sra. Vispo toma a palabra: Acabas de dicilo ti mesma como voulle decir que compren a roupa si é un Kimono, non filla non, que che digan a verdade, tivemos unha reunión con eles e ademais foi o coordinador das Escolas Deportivas que é Modesto a falar con eles, cando iniciaron a actividade e se lle dixo si querían cambiar e dixeron que non, que como xa estaban alí quedaslle cerca do que é o centro urbano para mover aos nenos, e que querían seguir adestrando alí, e que mo digan a min, porque podes dicir, vamos. ¿E que teño que crerte a ti tamén?, pois que mo digan a min.

A sra. González toma a palabra: Mira teño máis cousas que facer, e non estiven soñando onte a noite en que ía a vir hoxe aquí e che ía a contar isto. A min chamáronme por teléfono, e me comentaron isto, e non foi un, que foron varios, entón eu entre a xente e ti, evidentemente creo á xente, porque sobre as vosas maneiras de xestionar e sobre o que decides aquí nos Plenos, xa teño probas suficientes de que mentides, de xeito habitual, entón como é de xeito habitual entre ti e a xente, creo a xente, ti a min pódeme crer ou non crer, a min iso dáme igual, que me creas ou non, eu trasládocho simplemente. Despois o que si que non me creo é que o Filomena Dato lles quede mellor, porque é que hai unha distancia do Polideportivo ao centro urbano, en comparación do Filomena o centro urbano, isto si que é un argumento de perogrullo, de perogrullo, é dicir, é máis eu creo que na zona do Polideportivo hai máis sitio por exemplo onde aparcar que na zona de Filomena Dato, e efectivamente o argumento deles, si me é válido porque eu sei a ciencia certa que estades mandando comprar unha serie de material, que ademais o decides vós, que é verdade, unha serie de material que vale un diñeiro que as familias a día de hoxe, pois lle custa moito poder facer deporte en Barbadás, moito máis si é un deporte minoritario como é o Kung Fu, lles costa moito, eu trasládocho, ti que presumes que vas a ser a próxima Alcaldesa, que xa se verá pero por si acaso, toma nota ou déixao, dáme igual, só cho digo,

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Máis preguntas?

O sr. Nuñez toma a palabra: Vamos a ver, aquí aprobárase unha moción por unanimidade, que era a mellora do adecentamento do parque dos patos, na zona alta, naquela zona da Matogueira que se pediu que si ía a desbrozar, que se ía a limpar, que se ía adecentar aquilo, había problemas evidentes con ratas con culebras ect,, pregunto si xa se fixo, porque se podaron catro matas así ó arredor, ou se van



a concretar os acordos da moción que presentou aquí o BNG,

O sr. Alcalde toma a palabra: Supoño que se vai a executar, pero acaba agora de saír a concelleira, ¿ti sabes algo de iso Julio?

O sr. Nuñez toma a palabra: Nós presentamos unha moción con uns acordos, aprobouse por unanimidade e tiña uns acordos, votaron a favor, e ¿agora que? ¿Podar o arredor catro mirtos? iso non era o que puña a moción do Bloque.

O sr. Alcalde toma a palabra: Que se cumpra o acordo da moción, que conste en acta.

A sra. Morenza toma a palabra: Quería facer un rogo para que se incremente a vixilancia e se vele sobre o cumprimento da normativa legal sobre a pegada de carteis con propaganda política nos bens públicos, porque tanto o Partido Popular como Compromiso por Barbadás están pegando información nas marquesiñas, entón un pouco de exemplo, rogamos que se incremente a vixilancia, e que se dea exemplo, tendo en conta que vostedes teñen outros lugares nos que pegar carteis, non coma outros. Rogo que o Alcalde explique porque nun Pleno neste caso pode falar a Señora Nieves Carril, porque o Alcalde o Nieves Carril que expliquen porque nun Pleno 5 de maio de 2015 sobre a construción dun aparcamento en Bentraces o Partido Popular se amosou contrario a proposta cando este é o primeiro punto da listaxe de peticións feita dende a asociación de veciños, parece unha contradición, aquí se nos tachou de traer aquí propostas que non estaban en consonancia co que pedía a veciñanza e Nieves Carril dixo que iso non o pedía a asociación de veciños, que nunca se falou, o Alcalde dixo porque estiven repasando a acta que iso que nunca lle dixera aos veciños que se estudara a posibilidade de construír un aparcamento para a zona tal, e eles o seu punto número un do seu programa que lle presentaron para o ano 2015 e ese, entón aclárense, a ver se vostedes escoitan aos veciños ou se escoitan a vostedes mesmos,

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, eu polo menos como Alcalde, nunca asumín compromiso cos veciños de facer un aparcamento en Bentraces, o que si asumimos o compromiso é de arranxar e sacar aquela fonte do Pumar, que mo teñen pedido varias veces, para que facilite alí, si cabe alí o aparcamento dos coches, iso si se dixo que sí, pero coa cuestión importante hai uns veciños que queren que se quita a fonte, e outros veciños que non o queren,

A sra. Morenza toma a palabra: Non, pero agora estou co aparcamento e a señora Concelleira dixo que non se consideraba unha prioridade para Bentraces, que iso era unha tolemia que non o pedían os veciños, existe unha contradición,

O sr. Alcalde toma a palabra: Non é tolemia, é tolemia ou non é tolemia, depende de como se mire.



A sra. Morenza toma a palabra: Nós solo trouxemos aquí o que no seu día se nos transmitiu por outras vías e agora comprobamos que no programa de actividades, o sexa de obxectivo para o 2015 inclúese ese, entón só é para que expliquen esa contradición. Se vostedes escoitan ou non escoitan, eu só estou dicindo porque existe contradición no que se dixo o 5 de maio de 2014 e hoxe dise outra cousa. Existe unha contradición e non escoitamos aos veciños, está claro porque os veciños en Bentraces ademais é un dos pobos onde existe unha involucración da veciñanza na asociación de veciños non coma noutros pobos, que hai menos participación pero alí si, alí todos estaredes de acordo nas prioridades.

O sr. Alcalde toma a palabra: Para facer un aparcamento, que non discuto que se poda facer, a ver onde o situa vostede o aparcamento, porque nós eu como Alcalde intentei un montón de veces conseguir alí un terreo para facer un parque público alí no centro do pobo é me foi imposible, porque non o venden, simple e llanamente. O aparcamento quéreo levar o campo da festa, quéreo levar o campo do Lameiro, alá a xente non lle vai ir a aparcar, claro a xente quere un aparcamento diante da casa, pois que lle vamos a facer os pobos son como son.

A sra. Morenza toma a palabra: Eu só transmito o que xa lle transmitiron a vostedes. Non é cuestión de facer un debate entorno a isto. A vostedes transmitíronlle unha cousa, a mi xa ma transmitiron hai un ano, e vostedes dixeron, non estades tolos pedir iso,

O sr. Alcalde toma a palabra: Mire volvo a reiterar, os que compraron casas de afora que son os que teñen problemas de aparcamento, en zonas que o mellor non son moi accesibles para os coches, son os que deixan os coches no Pumar, e eu entendo o seu problema, pero é un problema que teñen que saber porque iso pasa en Bentraces, pasa nas Lamas, pasa en Pontón e pasa en todos os pobos, porque os pobos son o que son.

A sra. Morenza toma a palabra: Pero xa ve que para Bentraces é unha cuestión prioritaria, xa sei que pasa en máis pobos.

O sr. Alcalde toma a palabra: É prioritaria para uns cantos veciños que teñen ese problema.

A sra. Morenza toma a palabra: A asociación de veciños é a que plantexa, o punto número un, non me convence señor Alcalde a súa resposta. Unha pregunta, son varias preguntas ¿con que periodicidade se realizan as análises de potabilidade de auga nas fontes públicas? ¿que tipo de control existe?, ¿cal é o protocolo de actuación no caso de atopar que o líquido do alimento non serve ou non reúne as condicións?, e si ¿coñecen vostedes ou en que situación está, en concreto a fonte que está por debaixo do ponte da autovía,? porque temos entendido que non é auga potable, entón que medidas



se adoptan contesten por escrito ou canto sexa, e pedimos tamén unha listaxe dos últimos análises feitas nas fontes do municipio,

O sr. García toma a palabra: Están abaixo, eu non as sei de memoria,

A sra. Morenza toma a palabra: Por iso, nos pedimos unha listaxe das fontes, e con que periodicidade se realizan, cando foi a ultima vez que se fixo,

O sr. García toma a palabra: Na ultima, creo que si que era unhas das que daba ben, as que non dan ben, normalmente póñenselle un cartel,

A sra. Morenza toma a palabra: Xa pero é que alí, polo visto apareceu unha especie de cartel ou algo.

O sr. García toma a palabra: Na do centro do pobo da Valenzá que se lle puxo un cartel un día, e o día seguinte a mañá xa non estaba, é estaba atornillado.

A sra. Morenza toma a palabra: Pois vostedes terán que vixiar que non o arranquen, é un tema que nos preocupa moito, entón queremos saber con que periodicidade, terá que haber unha periodicidade para todas as fontes, terase que facer na mesma época, por iso cal é a periodicidade ¿tres meses?, ¿seis meses?, é un tema que preocupa. Nós para ter máis datos pedimos unha listaxe dos análises de todas as fonte do municipio.

O sr. Alcalde toma a palabra: O que haxa de Sanidade que é quen as fai.

A sra. Morenza toma a palabra: Xa por último, temos entendido que o Concello ten unha débeda superior aos 300 euros coas comunidades de veciños dos números 3 e 5 da rúa do Outeiro polo uso dos garaxes, ¿cal é o motivo polo que non se salda esta débeda?

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois entérome agora, non sei

O sr. García toma a palabra: Eu tamén

A sra. Interventora toma a palabra: Non ten débeda

A sra. Morenza toma a palabra: Ves como a oposición servimos para algo, para traer oposicións construtivas, e para lembrarlle cando deben. Como cando o Alcalde debía a comunidade nos paseos dos Amieiros tamén llo tiveron que recordar aquí.

O sr. García toma a palabra: Os recibos que manda a comunidade págaselles, non se lle debe, senón a mandaron.

A sra. Morenza toma a palabra: Máis de trescentos euros se lle debe, entón denos algunha resposta verifiqueno.

O sr. García toma a palabra: Estanse pagando eses recibos



O sr. Alcalde toma a palabra: Como concluimos a lexislatura e a sesión que teñan todos moita sorte, e que gañe o mellor como se di sempre neste casos. Que gañe o que decidan os veciños que é o vai gañar indubidablemente e sexa quen sexa que o faga ben, que se o fai ben o fará ben para Barbadás.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:50 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO